

Programación Didáctica

CURSO 2020/21

Departamento de Artes Plásticas

BACHARELATO PARA PESSOAS ADULTAS

MODALIDADE A DISTANCIA

IES SAN CLEMENTE

INDICE

0. PRESENTACIÓN.....	6
0.1. O DEPARTAMENTO E AS MATERIAS QUE IMPARTE.....	6
0.2. LOCALIZACIÓN E HISTORIA DO IES SAN CLEMENTE.....	6
0.3. CONTEXTO EDUCATIVO.....	7
0.4. CONTEXTO SOCIO-SANITARIO ACTUAL: PANDEMIA DO COVID 19.....	7
0.5 MARCO LEXISLATIVO.....	7
0.6. OBXETIVOS XERAIS DO BACHARELATO.....	7
1. DEBUXO TÉCNICO.....	9
1.1. INTRODUCCIÓN.....	10
1.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	10
1.3. METODOLOXÍA.....	13
PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS.....	13
PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE.....	14
ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	15
1.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO.....	16
INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN.....	16
CRITERIOS CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN.....	17
1.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	17
1.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	18
1.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.....	19
1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	19
1.9. DEBUXO TÉCNICO I: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	21
OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	24
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.....	30
1.10. DEBUXO TÉCNICO II: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	32
OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE.....	35
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN.....	40
2. FUNDAMENTOS DA ARTE.....	43
2.1. INTRODUCCIÓN.....	44
2.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS.....	44
2.3. METODOLOXÍA.....	47

2.3.1. PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS XERAIS	47
2.3.2. PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE	49
2.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	51
2.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO	51
INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	51
CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	53
2.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	53
2.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	54
2.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	55
2.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	55
2.9. FUNDAMENTOS DA ARTE I: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	56
OBJECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	57
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	80
2.10. FUNDAMENTOS DA ARTE II: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	88
OBJECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	89
ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	122
3. CULTURA AUDIOVISUAL	125
3.1. INTRODUCCIÓN	126
3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	128
3.3. METODOLOXÍA	131
3.3.1. PRINCIPIOS PEDAGÓGICOS XERAIS	131
3.3.2. PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE	132
3.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	134
3.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO	135
3.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	135
3.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	137
3.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	137
3.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS	138
3.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	139
3.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS	139
3.9. CULTURA AUDIOVISUAL I: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	141
3.9.1. OBJECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	142
3.9.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	148
3.10. CULTURA AUDIOVISUAL II: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	150
3.10.1. OBJECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	151
3.10.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	156
4. DISEÑO	159
4.1. INTRODUCCIÓN	160
4.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS	161

4.3. METODOLOXÍA.....	163
4.3.1. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS.....	163
4.3.2. PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE.....	164
4.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE.....	166
4.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO	167
4.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	167
4.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN	168
4.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	169
4.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....	170
4.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS	171
4.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.....	171
4.9. DESEÑO: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN.....	172
4.9.1. OBIECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE	173
4.9.2. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	179
5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE	181

0. PRESENTACIÓN

0.1. O DEPARTAMENTO E AS MATERIAS QUE IMPARTE

O Departamento de Artes Plásticas do I.E.S. San Clemente impartirá ó longo deste curso académico as seguintes materias de acordo á Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE) e ao Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG Núm. 120 do luns, 29 de xuño de 2015):

1º BAC:

Debuxo Técnico I
Fundamentos da Arte I
Cultura Audiovisual I

2º BAC:

Debuxo Técnico II
Fundamentos da Arte II
Cultura Audiovisual II
Deseño

ORGANIZACIÓN DO DEPARTAMENTO

Este departamento está formado por:

María de los Ángeles Rivera Muñoz (Xefa do departamento) que impartirá as materias de Debuxo Técnico I, Fundamentos da Arte II e Deseño
José Miguel López Gómez, que impartirá as materias de Cultura Audiovisual I, Cultura Audiovisual II e Debuxo Técnico II
Fernando Lojo Piñeiro, que imparte a materia de Fundamentos da Arte I, como afín

0.2. LOCALIZACIÓN E HISTORIA DO IES SAN CLEMENTE

O IES San Clemente está situado no centro do casco histórico da cidade de Santiago de Compostela, entre o paseo da Alameda e a Catedral, na Rúa de San Clemente, s/n, 15705. A localización estratéxica da cidade con respecto á xeografía galega, facilita o acceso desde diferentes puntos de Galicia do alumnado matriculado no conxunto da Comunidade Autónoma.

Tal e como se recolle na web do centro, a historia do IES San Clemente remóntase ao ano 1948, cando unha viúva compostelá doa uns terreos situados no campo de San Clemente á Igrexa, coa finalidade de que neles se construíse un centro para acoller os nenos pobres da cidade e proporcionarlles uns coñecementos profesionais que lles permitisen no futuro desempeñar un oficio. A doazón realizouse por motivos píos e a Igrexa tutelou o desenvolvemento das obras de edificación a través de D. Fernando Quiroga Palacios.

Aínda que o edificio puido estar rematado antes, as súas actividades non comezaron ata o ano 1953 que coincide co momento en que o Papa Pío XII designa cardeal a Don Fernando Quiroga Palacios. A historia vén demostrar que o centro sempre estivo vinculado a ensinanzas profesionais: foi escola de traballo, escola de artes, escola de mestría industrial, centro de formación profesional; non foi ata a última década do século XX cando, coa reforma educativa formulada na LOXSE, pasou a denominarse IES e, xa no século XXI, se introduciron as ensinanzas non estritamente profesionais.

O edificio forma parte, estrutural e arquitectonicamente, do conxunto histórico da cidade. Está distribuído en tres plantas e un soto; posúe seis aulas de informática, cinco aulas para ESA e BAC (adultos), unha sala de usos múltiples (vídeo, conferencias, etc.), unha biblioteca e outras dependencias dedicadas á administración e servizos.

O centro sempre foi de titularidade pública e, polo tanto, depende da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

0.3. CONTEXTO EDUCATIVO

A educación a distancia esixe un dobre esforzo do alumnado, un rápido desenvolvemento da competencia de aprender a aprender, xa que o material vaise subindo á plataforma dixital (<http://aulavirtual.iessanclemente.net/aulavirtual.aspx>) de xeito paulatino co obxectivo de que vaia traballando os contidos propostos segundo a temporalización establecida, e unha competencia nas novas tecnoloxías obrigados polo uso de dita plataforma.

As vantaxes deste tipo de ensino non presencial para aqueles alumnos que están traballando ou non poden asistir a un centro de educación para adultos radican na flexibilidade para entrar na plataforma e a disposición de todos os materiais necesarios para unha aprendizaxe adecuada das materias; engádense a estes materiais presentes na plataforma, as titorías presenciais e multimedia, as cales pretenden servir de apoio constante ao alumnado ao longo de todo o curso, de xeito que, axudado polo profesorado tutor, poda acadar con éxito unha avaliación positiva.

0.4. CONTEXTO SOCIO-SANITARIO ACTUAL: PANDEMIA DO COVID 19

Este curso tan especial, no que continuamos co problema da pandemia Covid-19 que comezou en marzo deste ano, tomáronse medidas excepcionais en todos os institutos, centros de traballo, lecer, deportes, transportes, etc. En concreto neste instituto tomáronse as seguintes medidas, entre outras: non hai clases presenciais no Bachillerato a distancia, todas as clases están en liña, en vez diso refórzanse as titorías multimedia, ademais da non permanencia no departamento de máis de dúas persoas, uso obrigatorio dunha máscara, distancia social superior a dous metros, ventilación continua, uso de xel hidroalcohólico e limpeza con alcohol de materiais de uso habitual.

Debido a estas circunstancias, a programación vese fundamentalmente afectada na sección de metodoloxía e na sección de actividades extraescolares.

Comentar tamén que barallouse a posibilidade de reforzar contidos da 3ª avaliación do curso pasado no 1º trimestre deste curso, dicir que aínda que o ritmo intenso dificulta este esforzo, tentárase facelo baixo petición do Departamento de Orientación.

0.5. MARCO LEXISLATIVO

A situación lexislativa actual, nun momento de cambio co remate da implantación nestas ensinanzas da Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa que modifica á Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación que veñen modifica-la organización da educación secundaria obrigatoria [ESO] e do Bac, fai preciso delimitar correctamente o desenvolvemento normativo do currículo.

Este atópase recollido a nivel estatal polo Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato e a nivel autonómico na nosa comunidade polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

A esta normativa básica de obrigado cumprimento engádese algunha outra que a complementa como pode ser a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; a Orde do 7 de xuño de 2016 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2016/17, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia ou a Resolución do 15 xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

0.6. OBXETIVOS XERAIS DO BACHARELATO

O Bacharelato contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomente a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.
- b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

- c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- j) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

1. Debuxo Técnico

1.1. INTRODUCCIÓN

Entre as finalidades do debuxo técnico figura de xeito específico dotar o alumnado das competencias necesarias para se poder comunicar graficamente con obxectividade nun mundo cada vez máis complexo, que require do deseño e da fabricación de produtos que resolvan as necesidades presentes e futuras. Esta función comunicativa, grazas ao acordo dunha serie de convencións a escala nacional, comunitaria e internacional, permítenos transmitir, interpretar e comprender ideas ou proxectos de maneira fiable, obxectiva e inequívoca.

O debuxo técnico, xa que logo, emprégase como medio de comunicación en calquera proceso de investigación ou proxecto que se valla dos aspectos visuais das ideas e das formas para visualizar o que se estea a deseñar e, de ser o caso, definir dun xeito claro e exacto o que se desexa producir; é dicir, como linguaxe universal nos seus dous niveis de comunicación: comprender ou interpretar a información codificada, e expresarse ou elaborar información comprensible polas persoas destinatarias.

O alumnado, ao adquirir competencias específicas na interpretación de documentación gráfica elaborada de acordo coa norma nos sistemas de representación convencionais, pode coñecer mellor o mundo. Isto require, ademais do coñecemento das principais normas de debuxo, un desenvolvemento avanzado da súa visión espacial, entendida como a capacidade de abstracción para, por exemplo, visualizar ou imaxinar obxectos tridimensionais representados mediante imaxes planas.

Ademais de comprender a complexa información gráfica que nos rodea, cómpre que o estudante aborde a representación de espazos ou obxectos de calquera tipo e elabore documentos técnicos normalizados que plasmen as súas ideas e os seus proxectos, relacionados tanto co deseño gráfico como coa ideación de espazos arquitectónicos ou coa fabricación artesanal ou industrial de pezas e conxuntos.

Durante o primeiro curso trabállase coas competencias relacionadas co debuxo técnico como linguaxe de comunicación e instrumento básico para a comprensión, análise e representación da realidade. Para isto, introdúcese gradualmente e de xeito interrelacionado tres grandes bloques: "Xeometría e debuxo técnico", "Sistemas de representación" e "Normalización". Trátase de que o alumnado teña unha visión global dos fundamentos do debuxo técnico que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

No primeiro bloque, desenvolve os elementos necesarios para resolver problemas de configuración de formas, ao tempo que se analiza a súa presenza na natureza e na arte ao longo da historia, e as súas aplicacións ao mundo científico e técnico.

De maneira análoga, o bloque adicado aos sistemas de representación desenvolve os fundamentos, as características e as aplicacións das axonometrías, das perspectivas cónicas e dos sistemas diédrico e de planos cotados. Este bloque débese abordar de xeito integrado para permitir descubrir as relacións entre sistemas e as vantaxes e os inconvenientes de cada un. Ademais, é conveniente potenciar a utilización do debuxo a man alzada como ferramenta de comunicación de ideas e análise de problemas de representación.

O terceiro bloque (sobre a normalización) pretende dotar ao alumnado dos procedementos para simplificar, unificar e obxectivar as representacións gráficas.

1.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

Tal e como se describe na LOMCE, todas as áreas ou materias do currículo deben participar no desenvolvemento das distintas competencias do alumnado. Estas, de acordo coas especificacións da lei, son:

CCL. Comunicación lingüística.

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD. Competencia dixital.

CAA. Aprender a aprender.

CSC. Competencias sociais e cívicas.

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC. Conciencia e expresións culturais.

Neste proxecto de debuxo técnico para 1º de Bacharelato, para alcanzar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, inclúíronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A continuación, se describe cómo a materia de debuxo técnico pode contribuir á adquisición das competencias básicas. De todos modos, cabe recordar que serán os estándares de aprendizaxe avaliados, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

Comunicación lingüística

Usar eficazmente o vocabulario adecuado, identificando o nome dos elementos, relacións, procedementos xeométricos, sistemas de representación e normalización.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Usar eficazmente os trazados fundamentais no plano como ferramentas da linguaxe gráfica para resolver problemas e realizar construcións xeométricas diversas.

Identificar e usar eficazmente polígonos como ferramentas da linguaxe gráfica para realizar construcións xeométricas diversas.

Cóñecer o uso dos distintos sistemas como ferramentas da linguaxe gráfica, para representar a realidade.

Cóñecer a razón de ser, e valorar a función da normalización que interven en todo proceso de fabricación industrial.

Organizar a información utilizando procedementos xeométricos.

Competencia dixital

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Utilizar as distintas canles de comunicación audiovisual para transmitir informacións diversas.

Comprender as mensaxes que proceden das distintas canles de comunicación audiovisual.

Empregar variadas fontes para a busca de información e seleccionar o uso das distintas fontes segundo a súa fiabilidade.

Aprender a aprender

Valorar a importancia do dominio dos coñecementos xeométricos para favorecer a resolución de problemas e outros procesos creativos.

Desenvolver estratexias que favorezan a comprensión rigorosa dos contidos.

Apreciar a destreza manual que aporta o debuxo a man alzada como medio de expresión e comunicación e a súa utilidade como debuxo previo ao delineado e como capacitación persoal do pensamento abstracto.

Planificar os recursos necesarios e os pasos que hai que realizar no proceso de aprendizaxe.

Seguir os pasos establecidos e tomar decisións sobre os pasos seguintes en función dos resultados intermedios.

Avaliar a consecución de obxectivos de aprendizaxe.

Tomar conciencia dos procesos de aprendizaxe.

Competencias sociais e cívicas

Cóñecer, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións arquitectónicas e de deseño, nas que se aplican as representacións en diferentes sistemas; utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute, e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Cóñecer a razón de ser, e valorar a función da normalización como proceso de comunicación e linguaxe universal que interven en todo proceso de fabricación industrial.

Valorar a limpeza e mantemento dos materiais e instrumental a usar, tomando conciencia do aproveitamento dos nosos recursos dende un punto de vista económico e ecolóxico.

Utilizar os instrumentos de medida mais habituais para coñecer as dimensións dos obxectos e recoñecer a universalidade destes como medio de transmisión e comunicación en áreas como a industria, a económica e a nosa contorna sociocultural.

Respectar as normas de comunicación en calquera contexto: quenda de palabra, escoita atenta ao interlocutor...

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Desarrollar as habilidades que interveñen na aprendizaxe para conseguir que este proceso sexa cada vez máis eficaz e autónomo.

Valorar a importancia do dominio dos coñecementos xeométricos para favorecer procesos creativos.

Valorar a destreza no uso de instrumentos como un elemento que potencia a nosa autonomía.

Coñecer as normas que afectan ao debuxo técnico para realizar un uso eficaz do mesmo, segundo sexa o ámbito de aplicación.

Valorar a limpeza e precisión no traballo a realizar como elemento de millora na comunicación cos outros.

Actualizar o uso das novas tecnoloxías para mellorar o traballo e facilitar a vida diaria.

Optimizar recursos persoais apoiándose nas fortalezas propias.

Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.

Ser constante no traballo superando as dificultades.

Dirimir a necesidade de axuda en función da dificultade da tarefa.

Mostrar iniciativa persoal para iniciar ou promover accións novas.

Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas ou dos proxectos.

Actuar con responsabilidade social e sentido ético no traballo.

Conciencia e expresións culturais

Valorar a importancia do dominio dos coñecementos xeométricos para favorecer procesos creativos.

Coñecer, apreciar e valorar criticamente diferentes manifestacións arquitectónicas e de deseño, nas que se aplican as representacións en diferentes sistemas; utilízalas como fonte de enriquecemento e disfrute, e consideralas como parte do patrimonio dos pobos.

Apreciar os valores culturais do patrimonio natural e da evolución do pensamento científico.

Interesarse pola execución de debuxos como un medio claro na transmisión de informacións, atendendo á súa presenza na sociedade, cultura e arte.

Apreciar a beleza das expresións gráficas e das manifestacións de creatividade e gusto pola estética no ámbito cotián.

Elaborar traballos e presentacións con sentido estético.

1.3. METODOLOXÍA

PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS

O punto de partida é unha aprendizaxe significativa que sirva ao alumnado para aprender a aprender considerando ao docente como unha guía e mediador na actividade construtiva do alumnado.

A etapa do bacharelato presenta unha serie de particularidades:

Etapa non obrigatoria, carácter terminal e propedéutico de estudos superiores.

O alumnado posúe un maior grao de desenvolvemento do pensamento abstracto formal, que lle permite establecer con máis facilidade hipóteses e deducións.

O alumnado ten unha base de capacidades desenvolvidas que lle permite unha maior autonomía nos traballos.

No noso caso, ademais, trátase dunha modalidade de educación a distancia na que a diversidade de intereses e capacidades do alumnado é moi variada (persoas adultas traballadoras, persoas inmersas en programas de reinserción social, alumnos e alumnas doutros centros que cursan a nosa materia no IES San Clemente, alumnas e alumnos que proveñen de sistemas educativos distintos, etc)

Ademais, na modalidade de educación a distancia, a persoa docente debe actuar como titor nun proceso de aprendizaxe que require incidir dun modo importante na capacidade do alumnado para desenvolver capacidades referidas á organización, autonomía na aprendizaxe, constancia e autoavaliación.

O proceso de ensino-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva. A aprendizaxe parte dos fundamentos sobre debuxo técnico que o alumnado adquiriu en etapas anteriores. As novas aprendizaxes baséanse neles, co que o alumnado toma conciencia da utilidade do xa aprendido.

Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si sós. A materia está relacionada e así quedará patente, con outras do Bacharelato, especialmente con matemáticas, tecnoloxía e a maioría das da modalidade de Artes do Bacharelato, contribuíndo, así, a unha concepción integradora do coñecemento e permitindo a formulación de accións educativas interdisciplinares. A potenciación do uso de ferramentas (escuadro e cartabón, compás...) e debuxo a man alzada, permite non só o desenvolvemento da destreza manual, senón tamén a autonomía progresiva do alumnado. A adquisición de coñecementos require da súa posta en práctica con exercicios e actividades de aplicación, que perseguen a resolución de problemas xeométricos mediante a reflexión sobre os conceptos aprendidos, evitando a resolución mecánico-memorística.

Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos. A escala e a normalización son conceptos-base que dotan ao debuxo técnico do seu carácter obxectivo e universal. O alumnado será consciente diso ao utilzalos na interpretación de planos, emprego dos distintos sistemas de representación, aplicación das escalas a todo tipo de debuxos, etc.

Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras. O uso no posible de obxectos da contorna, como base das actividades, permitirá ao alumnado establecer conexións entre o debuxo e a realidade, e facilitará a asimilación dos conceptos. A materia mostrará as súas profundas vinculacións coa arte e coa técnica. É un cualificado instrumento de análise na lectura de producións artísticas, enriquecendo notablemente os medios de expresión e facendo posible a comprensión e construción do produto

técnico. O Debuxo Técnico contribúe significativamente ao desenvolvemento dos contidos transversais mediante o tratamento dos seus contidos actitudinais. O respecto polas producións e opinións alleas e a participación en procesos de intercambio de opinión na aula e nos foros poñen en práctica a educación para a paz, a educación cívica e a educación intercultural. O coidado do material propio e alleo, o rigor, a orde, a precisión e a perseveranza nas tarefas emprendidas desenvolven a educación ambiental, a educación para o consumo e a educación para a saúde.

Desenvolver, tratándose da modalidade de educación a distancia, a autonomía do alumnado. Na modalidade de educación a distancia, a persoa docente debe actuar como titor nun proceso de aprendizaxe que require incidir dun modo importante na capacidade do alumnado para desenvolver capacidades referidas á organización e autoxestión responsable e eficaz do seu tempo e capacidades, autonomía na aprendizaxe, constancia e autoavaliación.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

Metodoloxía activa.

Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:

Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.

Participación no desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.

Motivación.

Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas.

Atención á diversidade do alumnado.

A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.

Avaliación do proceso educativo.

A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

1.3.2. PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

O traballo co alumnado estrutúrase cara a unha forma activa dos procesos de aprendizaxe, canalizando ao alumno cara ao autoaprendizaxe. Dado o carácter práctico da materia, unha metodoloxía activa é a máis adecuada e aplicárase apoiándonos nos puntos seguintes:

Comezarse estimulando o interese do alumno, presentando a materia como linguaxe universal e obxectivo co que será capaz de expresar con exactitude as formas imaxinadas e comprender as representadas por outros. Con esta linguaxe será posible comprobar o exposto polo docente e investigar sobre iso aplicando o método científico ao debuxo técnico.

No proceso de ensino e aprendizaxe débense establecer as relacións entre o que o alumnado coñece e o que está a aprender, para que observe como os seus coñecementos amplíanse.

Fomentarase o estudo, a participación e a investigación ao expoñer o tema, convidando o alumno a descubrir o que ten que aprender.

As explicacións deben ser sinxelas e claras proporcionando sen ambigüidade os exemplos concretos do que pretendemos dicir.

O alumnado debe adquirir confianza en si mesmo e fixar as ideas fundamentais que lle permitan profundar na materia (sempre do simple ao complexo, sen saltarse pasos).

Seguiranse sempre métodos xerais baseados en razoamentos e teoremas da xeometría métrica.

É preciso convencer ao alumno de que, ao coñecemento de principios, propiedades e teoremas, debe acompañarlle sempre a práctica, pois pola contra a profundización e o dominio da materia non serán posibles.

Na resolución de problemas xeométricos débese seguir o método de análise e síntese, suponse o problema resolto e razónanse as propiedades necesarias para a solución do problema e, coñecidos os pasos que se deben seguir, aplícase o método de síntese para chegar á solución aplicando as condicións suficientes. Unha vez pensadas as posibles vías mediante bocexos a man alzada, elíxese a vía resolución como síntese das reflexións efectuadas aplicando as condicións suficientes. Esta formulación pode aplicarse dende o primeiro momento para que o alumnado saiba empregar adecuadamente os seus coñecementos e seleccionar o mellor modo de resolver cada problema.

Nos sistemas de representación resultará útil expor os mesmos problemas en diédrico e axonométrico para comparar as posibilidades que ofrece cada un deles. Por exemplo, se se pide resolver un problema en diédrico, o debuxo nun sistema axonométrico servirá como figura-análise.

Desenvolvida a capacidade de representar é necesario adquirir a de transmitir o representado en unidades de información obxectivas que convertan a un proxecto nunha intención realizable. Xorde entón a necesidade de presentar a Normalización como un conxunto de convencionaismos codificados de uso nacional e internacional, que dotan ao debuxo técnico de puntualizacións de igual obxetividade que as representacións gráficas. É conveniente a incorporación paulatina dos convencionaismos da normalización neste tipo de traballos para que o alumnado os interiorice gradualmente.

Unha vez suscitada a necesidade e importancia das normas, convén facer unha breve apunta histórica, apuntar a súa orixe e evolución, para pasar despois a analizar os distintos tipos que seguen en vigor, centrando a atención ás que afectan ao debuxo técnico no ámbito nacional e internacional.

1.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Exercicios autoavaliables: Cada unidade didáctica conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado, tendo así mesmo acceso a o solucionario para autoavaliar o seu nivel de consecución.

Exercicios para enviar ao titor: cada dúas quincenas o alumnado conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado e enviar á persoa titora. Permete á persoa docente seguir o proceso de aprendizaxe do alumnado e a éste comprobar, cas indicacións da persoa docente, o seu nivel de adquisición dos contidos.

Exercicios de reforzo e ampliación: Cada unidade didáctica, atendendo ás necesidades individuais de cada alumna e alumno, a persoa docente deseñará actividades que poidan valer de reforzo ou apoio, ou ben de ampliación.

1.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO

1.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

A calificación para cada avaliación obtense comprobando o grao de consecución dos estándares de contidos e competencias. Para medir o seu grao de consecución utilízanse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

As probas ou exames: o tipo de proba escrita ou exame que se utiliza para avaliar a adquisición dos estándares da materia serán variados ao longo do curso co fin de adaptarse á diversidade do alumnado, pero incluírán de maneira variable:

- Preguntas tipo test.
- Exercicios prácticos de resolución de problemas xeométricos.

Na avaliación do exame teranse en conta os seguintes aspectos:

- Resolver problemas de configuración de formas poligonais sinxelas no plano coa axuda de utensilios convencionais de debuxo sobre taboleiro, aplicando os fundamentos da xeometría métrica de acordo cun esquema paso a paso e/ou unha figura de análise elaborada previamente.
- Debuxar curvas técnicas e figuras planas compostas por circunferencias e liñas rectas, aplicando os conceptos fundamentais de tanxencias, resaltar a forma final determinada e indicar graficamente a construción auxiliar utilizada, os puntos de enlace e a relación entre os seus elementos.
- Relacionar os fundamentos e as características dos sistemas de representación coas súas posibles aplicacións ao debuxo técnico, seleccionando o sistema axeitado ao obxectivo previsto, e identificar as vantaxes e os inconvenientes en función da información que se desexa amosar e dos recursos dispoñibles.
- Representar formas tridimensionais sinxelas a partir de perspectivas, fotografías, pezas reais ou espazos do contorno próximo, utilizando o sistema diédrico ou, de ser o caso, o sistema de planos cotados, dispoñendo de acordo coa norma as proxeccións suficientes para a súa definición e identificando os seus elementos de xeito inequívoco.
- Debuxar perspectivas de formas tridimensionais a partir de pezas reais ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, seleccionando a axonometría axeitada ao propósito da representación, dispoñendo a posición dos eixes en función da importancia relativa das caras que se desexen amosar e utilizando, de ser o caso, os coeficientes de redución determinados.
- Debuxar perspectivas cónicas de formas tridimensionais a partir de espazos do contorno ou definidas polas súas proxeccións ortogonais, e valorar o método seleccionado, considerando a orientación das caras principais respecto do plano do cadro e a repercusión da posición do punto de vista sobre o resultado final.
- Valorar a normalización como convencionalismo para a comunicación universal que permite simplificar os métodos de produción, asegurar a calidade dos produtos, posibilitar a súa distribución e garantir a súa utilización polo destinatario final.
- Aplicar as normas nacionais, europeas e internacionais relacionadas cos principios xerais de representación, formatos, escalas, cotación e métodos de proxección ortográficos e axonométricos, considerando o debuxo técnico coma linguaxe universal, valorando a necesidade de coñecer a súa sintaxe e utilizándoo de forma obxectiva para a interpretación de planos técnicos e a elaboración de bosquexos, esquemas, esbozos e planos.

As actividades e exercicios a realizar polos alumnado:

As tarefas realizadas polo alumnado se clasifican en tarefas autoavaliáveis e exercicios de envío á persoa titora, realizados polos alumnos e alumnas, de forma voluntaria e individual.

Na avaliación dos exercicios para realizar durante o curso teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos e procedementos propios do debuxo técnico.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica e da nomenclatura (normalización)
- Puntualidade na realización e entrega de cada exercicio.

1.4.2. CRITERIOS CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

Ao longo do curso o alumnado terá tres avaliacións. As probas prácticas conterán entre tres e cinco exercicios das actividades que figuran na Guía e que o alumnado realizou durante o curso. Cada un dos exercicios serán cualificadas por separado, sendo a nota de cada exercicio de 9 puntos, mais un punto pola limpeza, presentación e respecto as normas.

Os exercicios de enviar ao titor teranse en conta especialmente na avaliación final no caso de que a nota sexa de aprobado dubidoso.

A asistencia as titorías presenciais, e o interés do alumnado pola materia, teranse en conta especialmente na avaliación final no caso de que a nota sexa de aprobado dubidoso.

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso; se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, éste poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentou, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

1.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Os materiais configuráronse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos en materias como Debuxo Técnico.

Esta formulación queda de manifesto nos seguintes puntos:

- . Dentro dos documentos das Guías, así como nas titorías presenciais e screencats, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores, particularmente no segundo ciclo da ESO. Desta maneira, aqueles alumnos con máis dificultades poderán ir asimilando os contidos de cada tema sen ter que dar saltos bruscos.
- . Así mesmo, son expostos fenómenos que poden presentar máis dificultade para algúns alumnos e alumnas ou se amplían determinados aspectos doutros contidos xa estudados. Deséxase así satisfacer as necesidades daquel alumnado máis adiantados ou, simplemente, os que chegaron a un uso determinado cunha mellor preparación.
- . A elaboración de materiais de forma diversa para a súa exposición, así como o uso de medios audiovisuais, favorece a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.
- . A inclusión de numerosos exemplos e problemas resoltos de dificultade variada debe servir para adquirir técnicas de resolución complicadas a aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo.
- . A presenza continua das actividades ao longo de todo o tema e a diferente dificultade dos problemas propostos facilitan a adecuación ao nivel do alumnado.
- . A inclusión de contidos relacionados co Debuxo Técnico, a Tecnoloxía as Matemáticas e a sociedade, cultura e arte permite satisfacer as demandas do alumnado en función do tempo dispoñible e servir como punto de partida para a procura de información e o estudo doutros contidos similares.

Por outra banda, procurarase manter un frecuente contacto co noso alumnado, tanto o que asiste ás clases como aquel que asiste online, xa sexa no aula, nos foros e correo electrónico do Aula virtual ou por teléfono. Deste xeito, a persoa docente pode detectar os niveis de adquisición e logros do alumnado e deseñar materiais e actividades voluntarias dirixidas ao alumnado:

- . Materiais didácticos e Actividades de apoio ou reforzo: Para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos no tempo establecido ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.
- . Materiais didácticos e Actividades de ampliación: Para o alumnado que acada rapidamente os obxectivos, consistentes na procura de información dalgún contido do tema.

1.6. CONCRECCIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar preferentemente o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa, salvo excepcións.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.
- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.
- Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego.
- Na selección de textos ou libros de lectura, sen menoscabo do contido, priorizaranse en galego.

Avaliación: Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado. Formulando, se procede, algunhas cuestións sobre os textos recomendados en lingua galega.

Contribución ao Proxecto das TICs

No sistema de ensino en este centro na ESA e no bacharelato a distancia o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurárase:

Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)

Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os

documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

Gravar temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación: Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento inténtase:

Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.

Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.

Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos.

A escoita e as respostas de forma respetuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación.

Usar en todo momento unha linguaxe non sexista, non discriminatoria por motivos de xénero, etnia, ideoloxía...

Avaliación: Valorar as actitudes respetuosas, tolerantes e dialogantes do alumnado entre si e co profesorado.

1.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Difusión, a través da web do instituto, de eventos, descubrimentos, noticias en xeral, que resulten relevantes para a temática que se abarca nesta materia.

É mais difícil este curso facer visitas a exposicións de carácter científico, en colaboración con outros departamentos do ámbito, dependendo das programacións anuais das diversas institucións, museos, etc.

1.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Guía electrónica do alumnado.

Vídeos, animacións, screencasts...

Recursos web.

Material propio de debuxo técnico (escuadro, cartabón, compás...)

Pizarra electrónica de nueva adquisición para este curso

Utilización da sala de grabación especial para facer vídeos co primeiros planos, sobretudo para resolver problemas de debuxo técnico

Ao tratarse de educación a distancia, cada Quincena o alumnado pode acceder a través da Plataforma das Guías nas que conta cos Obxectivos do tema, Documento Didáctico, Preguntas Frecuentes, Exercicios Autoavaliáveis e as súas solucións e Vídeos tutoriais. Por outra banda, conta co menú Apuntamentos, onde o docente colga clases gravadas, vídeos tutoriais, exemplos de exercicios resoltos paso a paso, esquemas e resumos, etc. O profesor pode modificar brevemente o contido das Guías da Plataforma e adaptalo mellor á programación.

Análise do significado (Tema, individualización do contido, descrición das persoaxes-actitude, papel na escena, disposición no espazo, descrición do ambiente ou fondo arquitectónico, paisaxístico..., finalidade)

Análise da linguaxe visual (liña, superficie, cor, luz, volume, composición).

Valoración estética

O traballo co alumnado estrutúrase cara a unha forma activa dos procesos de aprendizaxe, canalizando ao alumno cara ao autoaprendizaxe. Dado o carácter práctico da materia, unha metodoloxía activa é a máis adecuada e aplicarase apoiándonos nos puntos seguintes:

Comezarse estimulando o interese do alumno, presentando a materia como linguaxe universal co que será capaz de expresar formas imaxinadas e comprender as representadas por outros. Con esta linguaxe será posible comprobar o exposto polo docente e investigar sobre iso.

No proceso de ensino e aprendizaxe débense establecer as relacións entre o que o alumnado coñece e o que está a aprender, para que observe como os seus coñecementos ampliáanse.

Fomentarase o estudo, a participación e a investigación ao expoñer o tema, convidando ao alumnado a descubrir o que ten que aprender.

As explicacións deben ser sinxelas e claras proporcionando sen ambigüidade os exemplos concretos do que pretendemos dicir.

O alumnado debe adquirir confianza en si mesmo e fixar as ideas fundamentais que lle permitan profundar na materia (sempre do simple ao complexo, sen saltarse pasos).

2.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Exercicios autoavaliables: Cada unidade didáctica conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado, tendo así mesmo acceso a o solucionario para autoavaliar o seu nivel de consecución.

Exercicios para enviar á persoa titora: cada dúas quincenas o alumnado conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado e enviar á persoa titora. Permite á persoa docente seguir o proceso de aprendizaxe do alumnado e a éste comprobar, cas indicacións da persoa docente, o seu nivel de adquisición dos contidos.

Exercicios de reforzo e ampliación: Cada unidade didáctica, atendendo ás necesidades individuais de cada alumna e alumno, a persoa docente pode deseñar actividades que poidan valer de reforzo ou apoio, ou ben de ampliación.

2.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO

A avaliación é unha das actividades fundamentais do proceso de ensino e aprendizaxe. A avaliación debe estar perfectamente integrada no conxunto do proceso global da aprendizaxe, polo que debe incluír todas as actividades do alumnado e referirse ao grao de consecución de todos os coñecementos, procedementos e actitudes. Ademáis, debe considerarse como un recurso máis dentro do proceso de ensino-aprendizaxe e non soamente como un instrumento de medida para decidir sobre a promoción ou non do alumnado.

Se evalúa para orientar ao alumnado e ao profesorado sobre os aspectos básicos do proceso de ensino-aprendizaxe como son: a metodoloxía, os recursos, as estratexias, a adecuación ou non dos currículos, a diversidade de capacidades, o grao de desenvolvemento das competencias e a existencia de especiais necesidades educativas. O papel do profesorado será o de motivador e guía do proceso de ensino-aprendizaxe buscando sempre a participación de todo o alumnado e a atención á diversidade. O papel do alumnado será o de protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe (todo o traballo está dirixido ao alumnado), estará presente e participará na dinámica pedagóxica a seguir.

2.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

A calificación para cada avaliación obtérase comprobando o grao de consecución dos estándares de contidos e competencias. Para medir o seu grao de consecución utilízanse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

As probas ou exames: o tipo de proba escrita ou exame que se utiliza para avaliar a adquisición dos estándares da materia serán variados ao longo do curso co fin de adaptarse á diversidade do alumnado, pero incluírán de maneira variable:

- Definición de conceptos e/ou identificación de persoaxes.
- Varias preguntas de desenvolvemento e/ou relación dos contidos.
- Análise e comentario dunha das fontes artísticas.

Na avaliación do exame teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.

- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e deducción.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo

As actividades e exercicios a realizar polos alumnado:

As tarefas realizadas polo alumnado se clasifican en tarefas autoavaliabes e exercicios de envío á persoa titora, realizados polos alumnos e alumnas, de forma voluntaria e individual.

Este punto poderíamos consideralo unha ampliación da observación, e neste sentido réalzase de novo a importancia do traballo do alumnado, traballos monográficos, resúmenes, resolución de exercicios e problemas, que poden ser:

- Esquemas dos núcleos ou unidades contidos na programación, unha vez completado o estudo de cada un deles.
- Definicións e desenvolvemento de conceptos concretos.
- Análise e comentarios escritos, sobre conceptos, estilos ou movementos, obras, autores, textos artísticos, ou calquera aspecto relevante referido a cada un dos núcleos ou unidades didácticas.
- Investigación ao redor de calquera dos contidos da programación.
- Estudo ou informe sobre calquera posible visita realizada a museos, exposicións, talleres, conxuntos histórico- artísticos.
- Presentación de cada un dos traballos expostos, acompañado da correspondente bibliografía, e dentro dos prazos establecidos.

Na avaliación dos exercicios para realizar durante o curso teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e deducción.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo
- Puntualidade na realización e entrega de cada exercicio.

2.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso; se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, éste poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentou, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

Exames: Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con “métodos ilícitos” (é dicir copiou), de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, gráfica, etc., a persoa docente impondrá como sanción punitiva unha nota de cero no devandito exame. Ademais, porase en comunicación o feito á Xefatura de Estudos para a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non se considerará a diferenza entre faltas xustificadas e inxustificadas, xa que todas se considerarán por igual como faltas de asistencia e polo tanto constarán como non presentado.

Nas probas obxetivas ou exames teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

Exercicios de envío á persoa titora: Ao tratarse dunha modalidade de educación a distancia, tense en conta a situación particular do noso alumnado. Tanto as tarefas autoavaliáveis como os exercicios de envío á persoa titora non se consideran obrigatorios. Porén, os exercicios de envío á persoa titora teranse en conta, podendo sumar ata 1 punto da nota da alumna ou alumno.

De igual modo se se comproba que o alumno ou alumna ten reproducido de maneira literal as fontes consultadas nos traballos e actividades, dita proba tenr á calificación negativa.

Nestes exercicios teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

2.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Os materiais configúranse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos.

Esta formulación queda de manifesto nos seguintes puntos:

Dentro dos documentos das Guías, así como nas titorías presenciais e screencats, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores. Desta maneira, aqueles alumnos e alumnas con máis

dificultades poderán ir asimilando os contidos de cada tema sen ter que dar saltos bruscos.

Así mesmo, son expostos fenómenos que poden presentar máis dificultade para algúns alumnos e alumnas ou se amplían determinados aspectos doutros contidos xa estudados. Deséxase así satisfacer as necesidades daquel alumnado máis adiantados ou, simplemente, os que chegaron a un uso determinado cunha mellor preparación.

A elaboración de materiais de forma diversa para a súa exposición, así como o uso de medios audiovisuais, favorece a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.

A inclusión de numerosos exemplos e problemas resoltos de dificultade variada debe servir para adquirir técnicas de resolución complicadas a aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo.

A presenza continua das actividades ao longo de todo o tema e a diferente dificultade dos problemas propostos facilitan a adecuación ao nivel do alumnado.

Por outra banda, procurarase manter un frecuente contacto co noso alumnado nos foros e correo electrónico do Aula virtual ou por teléfono. Deste xeito, a persoa docente pode detectar os niveis de adquisición e logros do alumnado e deseñar materiais e actividades voluntarias dirixidas ao alumnado:

Materiais didácticos e Actividades de apoio ou reforzo: Para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos no tempo establecido ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.

Materiais didácticos e Actividades de ampliación: Para o alumnado que acada rapidamente os obxectivos, consistentes na procura de información dalgún contido do tema.

2.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

Usar preferentemente o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa, salvo excepcións.

Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.

Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.

Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego.

Na selección de textos ou libros de lectura, sen menoscabo do contido, priorizaranse en galego.

Avaliación:

Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado. Formulando, se procede, algunhas cuestións sobre os textos recomendados en lingua galega.

Contribución ao Proxecto das TICs

No sistema de ensino en este centro na ESA e no bacharelato a distancia o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)

Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.

Gravar temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación: Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento inténtase:

Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.

Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.

Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos.

A escoita e as respostas de forma respetuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación.

Usar en todo momento unha linguaxe non sexista, non discriminatoria por motivos de xénero, etnia, ideoloxía...

Avaliación:

Valorar as actitudes respetuosas, tolerantes e dialogantes do alumnado entre si e co profesorado.

2.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Difusión, a través da web do instituto, de eventos, descubrimentos, noticias en xeral, que resulten relevantes para a temática que se abarca nesta materia.

Este curso é mais difícil facer visitas a exposicións, en colaboración con outros departamentos do ámbito, dependendo das programacións anuais das diversas institucións, museos, etc.

2.8 MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Guía electrónica do alumnado.

Vídeos, animacións, screencasts...

Recursos web.

Material propio de debuxo técnico (escuadro, cartabón, compás...)

Pizarra electrónica de nova adquisición para este curso

Utilización da sala de grabación especial para facer vídeos co primeiros planos, sobretudo para analizar obras

Ao tratarse de educación a distancia, cada Quincena o alumnado pode acceder, a través da Plataforma das Guías nas que conta cos Obxectivos do tema, Documento Didáctico, Preguntas Frecuentes, Exercicios Autoavaliáveis e as súas solucións e Vídeos tutoriais. Por outra banda, conta co menú Apuntamentos, onde o docente colga clases gravadas, vídeos tutoriais, exemplos de exercicios resoltos paso a paso, esquemas e resumos, etc. Comentar que na asignatura de Fundamentos da arte I os contidos das Guías son de elaboración propia do profesor que a imparte.

O alumnado pode acceder ás clases vía online ou ben pode asistir ás titorías multimedia, excepcionalmente ofreceráse titorías presenciais, debido a situación da pandemia. Tamén dispón de vías como o teléfono ou o correo web para estar en contacto co docente.

O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento: Presentación en pantalla de proxeccións (programa utilizado: Power Point), visualización de documentos PDF con exercicios resoltos, screencats ou vídeos tutoriais, e utilización da pizarra para exposicións colectivas ou particularizadas de contidos conceptuais, onde o docente e o alumnado poidan interactuar de forma online.

2.9. FUNDAMENTOS DA ARTE I: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos tratan de presentar a materia co obxectivo de formar o alumnado e desenvolver unha serie de capacidades relacionadas co arte, cultura e sociedade, de tal xeito que o alumnado poida interpretar e valorar o imaxinario socio-cultural no que se inscriben as distintas manifestacións artísticas.

A distribución dos contidos realizouse a partir de doce bloques xerais que responden ao marco legal, introducidos gradualmente e de xeito interrelacionado. Trátase de que o alumnado teña unha visión global dos fundamentos da arte que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

UNIDADES	
1ª AVALIACIÓN	AS ORIXES DAS IMAXES ARTÍSTICAS
	AS GRANDES CULTURAS DA ANTIGÜIDADE: EXIPTO; MESOPOTAMIA E PERSIA; CHINA
	A ORIXE DE EUROPA. GRECIA
	O IMPERIO OCCIDENTAL: ROMA
Exame:	30 de Novembro e 2 de Decembro
2ª AVALIACIÓN	A ARTE PRERROMÁNICA
	O ROMÁNICO, ARTE EUROPEA
	O GÓTICO
	O RENACEMENTO / MICHELANGELO BUONARROTI
Exame:	22 e 24 de Febreiro
3ª AVALIACIÓN	O RENACEMENTO EN ESPAÑA
	O BARROCO
	O ROCOCÓ. FRANCIA E O RESTO DE EUROPA
	O NEOCLASICISMO
Exame:	10 e 12 de Maio
Final:	14 e 16 de Xuño

2.9.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

U1. AS ORIXES DAS IMAXES ARTÍSTICAS				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
b d e n	B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica.	B1.1. Analizar a temática da escultura e pintura rupestres.	FA1B1.1.1. Identifica as imaxes rupestres e relaciónaaas coas imaxes tribais ou étnicas do mundo.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n	B1.1. Arte rupestre: as imaxes e a súa representación simbólica.	B1.2. Debater acerca das posibles explicacións simbólicas das imaxes rupestres.	FA1B1.2.1. Relaciona as imaxes cun posible significado iconolóxico.	CCEC
- b - d - e - h - n - p	B1.2. Arte rupestre: características da pintura.	B1.3. Recoñecer as características principais da pintura rupestre.	FA1B1.3.1. Compara as imaxes prehistóricas coas imaxes de grupos étnicos da actualidade, establecendo posibles paralelismos.	- CD - CCEC
			FA1B1.3.2. Relaciona a iconografía rupestre con composicións de artistas actuais.	- CAA - CCEC
- b - d - e - h - i - n - p	B1.3. Arte rupestre: técnicas de pintura e escultura.	B1.4. Explicar as características técnicas da pintura rupestre a partir de exemplos relevantes da Península Ibérica.	FA1B1.4.1. Analiza, a partir de fontes historiográficas, a técnica da arte rupestre e a súa posible aplicación na actualidade.	- CMCCT - CCEC

- b - d - e - n	- B1.2. Construcións megalíticas. Stonehenge: mito e realidade.	- B1.5. Analizar Stonehenge e os labores de recreación efectuados no século XX no monumento.	- FA1B1.5.1. Analiza Stonehenge e debate acerca da súa autenticidade simbólica e histórica.	- CCL - CCEC
--	---	--	---	---

U2. AS GRANDES CULTURAS DA ANTIGÜIDADE: EXIPTO; MESOPOTAMIA E PERSIA; CHINA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - e - n	- B2.1. Feitos artísticos relevantes: restos arqueolóxicos. - B2.2. Exipto. - B2.3. China. - B2.4. Mesopotamia e Persia.	- B2.1. Identificar a arte exipcia en relación con outras culturas diferentes.	- FA1B2.1.1. Recoñece as imaxes dos restos arqueolóxicos relevantes e sitúaa na cultura correspondente.	- CD - CCEC
- b - d - e - n	- B2.2. Exipto. - B2.5. Cultura sedentaria e agrícola, arquitectura e obra civil.	- B2.2. Analizar a posible relación entre o modo de vida e a arte exipcia.	- FA1B2.2.1. Relaciona o tipo de vida sedentario co auxe da arquitectura e das obras públicas.	- CCEC
			- FA1B2.2.2. Infíre a relación entre a escultura oficial e o seu patrocinador e asóciaa co tipo de imaxe para representar.	- CAA - CCEC
			- FA1B2.2.3. Establece unha relación causa-forma entre a estrutura política e a plasmación plástica que dela se fai.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n	- B2.6. Rixidez narrativa e rixidez política. - B2.7. O idealismo como forma de representación na arte exipcia. Faraón-deus. - B2.8. Culto aos mortos, inmortalidade e resurrección en Exipto. Mito de Isis.	- B2.3. Explicar a iconoloxía exipcia relacionando a imaxe co poder político.	- FA1B2.3.1. Analiza a relación entre o culto a Isis e o seu posible enlace coa relixión xudeo-cristiá.	- CCEC
- b - d - e - n	- B2.9. Esquematzación narrativa: pintura.	- B2.4. Identificar a técnica narrativa das pinturas exipcias.	- FA1B2.4.1. Explica a organización narrativa das pinturas exipcias.	- CCL - CCEC

- b - d - e - n	- B2.10. Escultura exipcia. - B2.11. Moblaxe e obxectos suntuarios.	- B2.5. Comparar as pezas escultóricas segundo o seu material e súa finalidade: pedra, madeira, obxectos suntuarios, sarcófagos, etc.	- FA1B2.5.1. Analiza as pezas escultóricas exipcias.	- CCEC
- b - d - e - i - n	- B2.12. Pintura á encáustica.	- B2.6. Experimentar a técnica da encáustica.	- FA1B2.6.1. Aplica a técnica da encáustica a un traballo concreto.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - n	- B2.2. Exipto. - B2.3. China. - B2.4. Mesopotamia e Persia.	- B2.7. Recoñecer a tipoloxía das culturas encravadas no Oriente Medio, a exipcia e a chinesa.	- FA1B2.7.1. Compara a cronoloxía e a iconografía das culturas persa, exipcia e chinesa.	- CAA - CCEC
- b - d - e - n	- B2.13. Escultura en terracota chinesa.	- B2.8. Recoñecer a escultura en terracota dos guerreiros de Xian, do mausoleo do primeiro emperador Qin.	- FA1B2.8.1. Identifica a concepción formal das esculturas do mausoleo fronte a outras obras arqueolóxicas.	- CCEC
- b - d - e - n	- B2.3. China. - B2.13. A escultura en terracota chinesa.	- B2.9. Relacionar as claves políticas e artísticas dos guerreiros de Xian.	- FA1B2.9.1. Relaciona a creación do mausoleo do primeiro emperador Qin coa historia da China e a súa transcendencia política e social.	- CCEC
- b - d - e - i - n	- B2.14. Escultura en terracota.	- B2.10. Relacionar a técnica da escultura en terracota con usos actuais similares.	- FA1B2.10.1. Recoñece e explica a técnica da terracota.	- CMCCT - CCEC

- b - d - e - n	- B2.15. Idealismo e naturalismo: escultura.	- B2.11. Analizar nas culturas antigas a diferenza entre imaxes idealistas e naturalistas, e a súa posible relación coa finalidade da peza.	- FA1B2.11.1. Describe as diferenzas entre a escultura idealista e a escultura naturalista.	- CAA - CCEC
--	--	---	---	---

U3. A ORIXE DE EUROPA. GRECIA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - e - n	- B3.1. Grecia entre Exipto e Persia.	- B3.1. Analizar comparativamente a arte arcaica grega e a arte exipcia fronteiriza.	- FA1B3.1.1. Relaciona o nacemento da cultura grega coa influencia das culturas de Exipto e Persia.	- CAA - CCEC
- b - d - e - n	- B3.2. Política e arte: o Partenón.	- B3.2. Identificar a arquitectura grega. Orixes formais e sociais.	- FA1B3.2.1. Identifica os elementos esenciais da arquitectura grega.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n	- B3.3. Arquitectura grega. Elementos constitutivos.	- B3.3. Explicar convenientemente as partes esenciais da arquitectura grega.	- FA1B3.3.1. Comenta as diferenzas entre as tres épocas esenciais da arquitectura grega.	- CCEC
- b - d - e - n	- B3.4. Evolución da forma desde o hieratismo exipcio: arte arcaica, clásica e helenística. - B3.5. Arte helenística: naturalismo e expresividade, emoción e tensión dramática.	- B3.4. Diferenciar as etapas na arte grega a partir das peculiaridades de cada etapa reflectidas nunha creación determinada.	- FA1B3.4.1. Describe as diferenzas entre as tres ordes clásicas: dórica, iónica e corintia.	- CCEC
- b - d	- B3.6. Escultura grega. Apoloxía do corpo humano. Forza e sensualidade	- B3.5. Diferenciar as características da escultura grega. Relacionar a arte grega con outras culturas ou aplicacións	- FA1B3.5.1. Analiza a simboloxía das deidades gregas.	- CSIEE - CCEC

- e - h - n	- B3.7. Relixión e arte. Fidias. - B3.8. Influencia da arte grega na historia.	posteriores	- FA1B3.5.2. Describe a relación entre a escultura grega, romana, renacentista e neoclásica.	- CCL - CCEC
- b - d - e - i - n	- B3.9. Cerámica grega: iconoloxía, recursos ornamentais. Técnicas: negro sobre vermello. Andócides. Vermello sobre negro.	- B3.6. Describir a técnica da cerámica grega.	- FA1B3.6.1. Compara a evolución cronolóxica da cerámica grega.	- CCEC
- b - d - e - n	- B3.10. Obxectos da cultura grega: figuras, ferramentas e xoias.	- B3.7. Identificar a tipoloxía da xoiaría grega en relación con outras culturas.	- FA1B3.7.1. Compara restos arqueolóxicos de xoias e obxectos nas culturas coetáneas á cultura grega.	- CCEC
- b - d - e - h - n - p	- B3.11. Teatro grego: arquitectura, temas e recursos iconográficos.	- B3.8. Valorar o teatro grego e a súa influencia no teatro posterior.	- FA1B3.8.1. Describe as características do teatro grego e a súa influencia no teatro actual.	- CD - CCEC

U4. O IMPERIO OCCIDENTAL. ROMA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - e - h - n	- B4.1. Roma. A gran cultura mediterránea. - B4.2. Arte etrusca. Elementos identificativos.	- B4.1. Valorar a importancia da cultura romana no mediterráneo e a súa transcendencia histórica posterior.	- FA1B4.1.1. Relaciona o nacemento da cultura romana e a influencia grega.	- CAA - CCEC
			- FA1B4.1.2. Sitúa no mapa do Mediterráneo as culturas grega, romana e fenicia.	- CCEC

- b - d - e - h - n	- B4.3. A estrutura política romana e a súa relación coa arte. - B4.4. Clasicismo e idealización nas esculturas e nos bustos de emperadores	- B4.2. Explicar a importancia do latín como lingua común europea e a súa transcendencia na arte.	- FA1B4.2.1. Relaciona a expansión política e artística romana co emprego do latín e o dereito romano.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n - p	- B4.5. Arquitectura romana.	- B4.3. Identificar as obras arquitectónicas da cultura romana a partir da identificación visual dos seus elementos principais.	- FA1B4.3.1. Identifica os elementos arquitectónicos esenciais da cultura romana.	- CCEC
- b - d - e - n	- B4.6. A basílica. - B4.7. Obra civil e obras públicas romanas.	- B4.4. Relacionar a basílica romana coas igrexas cristiás posteriores, analizando os planos das plantas de diferentes edificios.	- FA1B4.4.1. Compara as basílicas do imperio romano e as igrexas construídas posteriormente.	- CCEC
- b - d - e - n	- B4.5. Arquitectura romana.	- B4.5. Valorar a importancia técnica dos edificios romanos.	- FA1B4.5.1. Relaciona o Panteón de Agripa coa catedral do Vaticano.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - i - n	- B4.8. Pintura romana. Técnica do fresco.	- B4.6. Analizar a técnica da pintura ao fresco e a do mosaico.	- FA1B4.6.1. Describe as técnicas do mosaico e da pintura ao fresco.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - h - n	- B4.9. Literatura e o teatro romano.	- B4.7. Relacionar o teatro romano e o teatro grego	- FA1B4.7.1. Relaciona o teatro actual cos teatros grego e romano.	- CD - CCEC

▪ p				
▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B4.10. Artes aplicadas: moblaxe, obxectos e vestimenta.	▪ B4.8. Comparar as artes aplicadas da cultura romana coas efectuadas noutros momentos e noutras culturas.	▪ FA1B4.8.1. Establece a relación entre a historia de Pompeia e Herculano, e a súa influencia na arte europea posterior.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ FA1B4.8.2. Comenta a vestimenta romana e a súa aplicación na historia da arte posterior.	▪ CCL ▪ CCEC

U5. A ARTE PRERROMÁNICA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo. ▪ B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana. ▪ B5.3. Arte prerrománica asturiana. ▪ B5.4. Escultura: relevos nos capiteis.	▪ B5.1. Identificar as claves expresivas da arte visigoda.	▪ FA1B5.1.1. Identifica os principais monumentos do prerrománico español.	▪ CCEC
			▪ FA1B5.1.2. Compara a escultura romana e visigoda.	▪ CAA ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B5.1. Fin do imperio romano de occidente. Arianismo. ▪ B5.2. Arquitectura: perda da técnica arquitectónica romana.	▪ B5.2. Relacionar a situación social e a arte aplicada.	▪ FA1B5.2.1. Recoñece as claves políticas que levan á decadencia do imperio romano.	▪ CSC ▪ CCEC
			▪ FA1B5.2.2. Relaciona a fin do imperio romano e a disgregación artística europea.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ FA1B5.2.3. Compara a pintura visigoda e romana anterior.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e	▪ B5.3. Arte prerrománica asturiana.	▪ B5.3. Analizar os templos visigodos e as súas características principais.	▪ FA1B5.3.1. Identifica as principais características dos templos visigodos a partir de fontes historiográficas de exemplos representativos.	▪ CD ▪ CCEC

▪ n				
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B5.4. Arte árabe na Península Ibérica. Islamismo. Arco de ferradura. Arte mozárabe.	▪ B5.4. Diferenciar a arte cristiá e a árabe na Península Ibérica.	▪ FA1B5.4.1. Relaciona o arco de ferradura e o seu emprego na arte árabe da Península Ibérica.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ n	▪ B5.5. Técnicas construtivas e motivos iconográficos.	▪ B5.5. Analizar a técnica do artesoadado das cubertas de madeira nas igrexas españolas.	▪ FA1B5.5.1. Recoñece as principais características dos artesoadados de madeira en exemplos representativos. ▪ ▪ ▪ ▪	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B5.6. Códices miniados. Ilustración en pergameo. Técnicas. Iconografía medieval. Pergameos e códices.	▪ B5.6. Describir a técnica da pintura e escritura sobre pergameo. Motivos iconográficos.	▪ FA1B5.6.1. Analiza o Libro da Apocalipse e a súa aplicación á arte de todos os tempos.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ FA1B5.6.2. Recoñece a técnica da pintura e escritura sobre pergameo.	▪ CCEC
			▪ FA1B5.6.3. Identifica e explica as características da iconografía medieval a partir de códices e pergameos representativos.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ i ▪ n	▪ B5.7. Xoiaría visigoda.	▪ B5.7. Explicar a técnica construtiva da xoiaría visigoda. Técnica cloisonné e a súa aplicación posterior.	▪ FA1B5.7.1. Explica a técnica da xoiaría visigoda a partir de fontes historiográficas que reflictan pezas representativas.	▪ CMCCT ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B5.8. Arte dos pobos do norte de Europa. Normandos.	▪ B5.8. Identificar as claves expresivas da arte do norte de Europa, tanto en España como no resto do continente.	▪ FA1B5.8.1. Identifica a arte dos pobos do norte de Europa e os elementos similares localizados en España.	▪ CCEC

▪ p				
-----	--	--	--	--

U6. O ROMÁNICO, ARTE EUROPEA				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n ▪ p	▪ B6.1. Creación e difusión do románico. Orde Beneditina.	▪ B6.1. Explicar a relación da orde Beneditina e a expansión da arte románica.	▪ FA1.B6.1.1. Relaciona a obra dos frades beneditinos e a internacionalización da arte románica.	▪ CSIEE ▪ CCEC
			▪ FA1.B6.1.2. Relaciona o Camiño de Santiago e a súa importancia relixiosa coa aplicación da arte románica.	▪ CSC ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n ▪ p	▪ B6.2. Arquitectura: características e edificios representativos.	▪ B6.2. Identificar os elementos románicos na arquitectura, nomeadamente nos edificios relixiosos.	▪ FA1.B6.2.1. Comenta a evolución da arte naturalista romana á arte simbólica románica.	▪ CCEC
			▪ FA1.B6.2.2. Recoñece as principais características da arquitectura románica, identificando visualmente os elementos que a diferencian.	▪ CCEC
			▪ FA1.B6.2.3. Describe os elementos románicos das igrexas españolas máis representativas, indicando posibles engadidos posteriores.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B6.3. O milenarismo e a súa influencia na arte.	▪ B6.3. Comentar o mito ou a realidade da teoría milenarista da fin do mundo.	▪ FA1.B6.3.1. Comenta a identificación entre época románica e as teorías milenaristas da fin do mundo xurdidas no romanticismo.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e	▪ B6.4. Pintura románica. Características iconolóxicas. ▪ B6.5. Simbolismo románico: luz; mandorla; pantocrátor. Xerarquización.	▪ B6.4. Relacionar a iconoloxía medieval e a súa plasmación gráfica.	▪ FA1.B6.4.1. Recoñece a importancia da luz na iconografía da arquitectura románica.	▪ CCEC

▪ n				
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n ▪ p	▪ B6.6. Escultura: imaxes relixiosas; capiteis; pórticos.	▪ B6.5. Explicar a finalidade iconográfica da escultura relixiosa e a forma consecuente con este obxectivo.	▪ FA1.B6.5.1. Explica os elementos formais da escultura románica.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B6.7. Esquemmatización na representación figurativa: pintura e escultura.	▪ B6.6. Comparar a escultura e a pintura románicas coas creacións anteriores e posteriores.	▪ FA1.B6.6.1. Identifica a iconografía románica.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B6.8. Roupa, moblaxe e costumes: vida cotiá.	▪ B6.7. Identificar os obxectos e os elementos característicos da vida cotiá na Idade Media, nomeadamente a vestimenta.	▪ FA1.B6.7.1. Compara a vida cotiá das cidades en época románica coa vida cotiá do Imperio Romano, valorando a calidade de vida e os costumes de unhas e outras.	▪ CD ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B6.9. Pintura románica: narrativa.	▪ B6.8. Comparar a estrutura narrativa románica e bizantina.	▪ FA1.B6.8.1. Comenta a organización narrativa a partir de obras representativas.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B6.10. Pintura románica: características formais.	▪ B6.9. Relacionar a pintura románica con técnicas similares posteriores.	▪ FA1.B6.9.1. Relaciona elementos formais da plástica románica con creacións posteriores. ▪ ▪ ▪	▪ CAA ▪ CCEC

U7. O GÓTICO

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias
------------	----------	-------------------------	---------------------------	--------------

				clave
- b - d - e - n	- B7.1. Desenvolvemento económico europeo. Auxe das cidades. - B7.2. Gótico: arte europea. Extensión xeográfica.	- B7.1. Analizar as claves sociais e técnicas da orixe do Gótico.	- FA1.B7.1.1. Analiza a situación económica europea no século XIII e a súa relación co nacemento do Gótico.	- CSIEE - CCEC
- b - d - e - n	- B7.3. Arquitectura: edificios públicos e relixiosos. - B7.4. Catedral gótica: características.	- B7.2. Diferenciar as catedrais góticas doutras anteriores e posteriores.	- FA1.B7.2.1. Comenta os elementos góticos e a súa aplicación ás catedrais españolas máis representativas.	- CCEC
- b - d - e - n	- B7.4. Catedral gótica: características. - B7.5. Bóveda oxival: rosetón e pináculos. - B7.6. Escultura gótica: características.	- B7.3. Identificar e nomear correctamente as claves principais da arte gótica: escultura, vidreiras policromadas e arcadas.	- FA1.B7.3.1. Identifica e nomea correctamente os elementos principais da arte gótica a partir de fontes historiográficas de mostras representativas.	- CCL - CCEC
- b - d - e - n	- B7.7. Etapas do Gótico: inicial, pleno e florido.	- B7.4. Relacionar a arte gótica e a súa revisión no século XIX.	- FA1.B7.4.1. Identifica a tipoloxía gótica en edificios cronoloxicamente posteriores, nomeadamente no Neogótico do século XIX.	- CAA - CCEC
- b - d - e - i - n	- B7.8. As vidreiras policromadas góticas.	- B7.5. Explicar o proceso técnico da creación de vidreiras policromadas.	- FA1.B7.5.1. Analiza o proceso de fabricación e instalación das vidreiras policromadas nas catedrais máis representativas.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - n	- B7.9. Escultura: evolución desde a arte románica.	- B7.6. Comparar e identificar correctamente a escultura gótica fronte á románica.	- FA1.B7.6.1. Explica o cambio formal da escultura románica á gótica.	- CCEC
- b	- B7.10. Pintura gótica. Pintura sobre táboa: técnica.	- B7.7. Identificar o proceso técnico da pintura sobre táboa, a	- FA1.B7.7.1. Identifica os elementos da pintura gótica a	- CD

- d - e - i - n	Estucado. Dourado.	preparación e os resultados.	partir de fontes historiográficas.	- CCEC
			- FA1.B7.7.2. Explica o proceso técnico da pintura sobre táboa.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - i - n	- B7.11. Técnica da pintura ao tempero	- B7.8. Describir a técnica de pintura ao tempero.	- FA1.B7.8.1. Comenta o proceso de fabricación e aplicación da pintura ao tempero.	- CSIEE - CCEC
- b - d - e - n	- B7.12. Vestimentas e costumes.	- B7.9. Analizar a vestimenta gótica nas imaxes relixiosas e civís da época.	- FA1.B7.9.1. Identifica os elementos característicos da vestimenta gótica a partir de fontes historiográficas.	- CD - CCEC

U8. O RENACEMENTO. MICHELANGELO BUONARROTI

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - e - h - n	- B8.1. Renacemento: estilo identificador da cultura europea. - B8.2. Etapas: Trecento, Quattrocento e Cinquecento. - B8.3. Expansión do Renacemento desde Italia ao resto de Europa. - B8.4. Florencia (os Medici) e Roma (o papado).	- B8.1. Valorar a importancia histórica do estilo do renacemento e a súa transcendencia posterior.	- FA1.B8.1.1. Analiza a orixe do Renacemento en Italia.	- CAA - CCEC
			- FA1.B8.1.2. Relaciona as etapas da implantación do Renacemento e a cronoloxía gótica en Europa.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n	- B8.5. Arquitectura do renacemento: tipoloxía e edificios principais.	- B8.2. Identificar as claves técnicas da arquitectura renacentista e a súa relación coa cultura romana.	- FA1.B8.2.1. Comenta a importancia da cultura romana na arte do Renacemento.	- CCEC - CCL

- b - d - e - i - n	- B8.6. Proporción áurea.	- B8.3. Recoñecer a proporción áurea nalgún elemento de estilo renacemento: arquitectura, moblaxe, etc.	- FA1.B8.3.1. Analiza a relación dos elementos arquitectónicos aplicando a proporción áurea.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - n	- B8.7. Pintura: da representación xerárquica medieval á visión realista: de Giotto di Bondone a Piero della Francesca e Masaccio. - B8.8. Canon renacentista: Sandro Boticelli. - B8.9. Leonardo da Vinci: vida e obras. - B8.10. Pintura de Raffaello Sanzio.	- B8.4. Identificar as principais obras de artistas do Renacemento italiano.	- FA1.B8.4.1. Identifica os cambios na pintura desde o Gótico ata o Renacemento.	- CCEC
			- FA1.B8.4.2. Recoñece as principais pinturas do Renacemento e a súa autoría.	- CCEC
			- FA1.B8.4.3. Analiza a vida e a obra de Leonardo da Vinci.	- CSIEE - CCEC
			- FA1.B8.4.4. Explica a obra de Raffaello Sanzio, nomeadamente "A escola de Atenas" e os retratos de "La Fornarina" e de "Baltasar de Castiglione".	- CCEC
- b - d - e - n	- B8.11. Colorido veneciano: Tiziano e Tintoretto. Veronese.	- B8.5. Comparar a pintura veneciana e a do resto de Europa.	- FA1.B8.5.1. Compara a evolución da pintura do primeiro Renacemento ata o colorido veneciano.	- CCEC
- b - d - e - n	- B8.12. Escultura do Renacemento. Donatello e outros autores emblemáticos.	- B8.6. Identificar as esculturas e os traballos en volume máis emblemáticos do Renacemento.	- FA1.B8.6.1. Identifica as esculturas e os traballos en volume máis emblemáticos do renacemento.	- CCEC
- b - d - e - n	- B8.13. Vestimentas do Renacemento a través da pintura.	- B8.7. Analizar as vestimentas da época, nomeadamente na pintura.	- FA1.B8.7.1. Analiza as vestimentas reflectidas nos cadros de Veronese.	- CD - CCEC

- b - d - e - i - n	- B8.14. Perspectiva cónica.	- B8.8. Recoñecer as claves técnicas da perspectiva cónica.	- FA1.B8.8.1. Describe con detalle o cadro "O lavatorio" de Jacopo Robusti "Tintoretto" e a aplicación técnica da perspectiva cónica.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - h - i - n	- B8.15. Pintura ao óleo: técnica.	- B8.9. Explicar as claves técnicas da pintura ao óleo, referenciando o seu uso en aplicación sobre lenzo.	- FA1.B8.9.1. Describe a técnica da pintura ao óleo sobre lenzo e relaciónaa coa pintura anterior sobre táboa.	- CMCCT - CCEC
- b - d - e - i - n	- B8.15. Pintura ao óleo: técnica.	- B8.10. Valorar a diferenza da técnica da pintura ao tempero e a pintura ao óleo.	- FA1.B8.10.1. Debate acerca das características da pintura ao tempero e ao óleo.	- CCL - CCEC - - -
- b - d - e - n	B9.1. Biografía e a relación co seu ámbito. Relación cos Medici e con Xulio II.	B9.1. Explicar a relación de mecenado entre Michelangelo, os Medici e o papa Xulio II.	FA1.B9.1.1. Comenta a relación dos mecenas e a arte, especialmente entre os Medici, Xulio II e Michelangelo.	- CCL - CCEC
- b - d - e - h	- B9.2. O artista total e a súa relevancia social. - B9.3. Obra de Michelangelo como pintor, escultor e arquitecto. B9.4. Arquitectura: San Pedro do Vaticano.	B9.2. Analizar a importancia do concepto de artista total.	FA1.B9.2.1. Recoñece a importancia histórica da obra en conxunto de Michelangelo.	- CAA - CCEC

▪ n			FA1.B9.2.2. Analiza a obra arquitectónica, escultórica e pictórica de Michelangelo.	▪ CD ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B9.5. Pintura. Capela Sixtina: concepción iconolóxica e iconográfica. ▪ B9.6. Pintura ao fresco.	B9.3. Describir as claves iconolóxicas e iconográficas nos frescos da Capela Sixtina.	FA1.B9.3.1. Comenta o proceso da creación da pintura ao fresco da Capela Sixtina.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B9.7. Escultura: evolución persoal; obras representativas.	B9.4. Identificar as claves evolutivas na escultura de Michelangelo.	FA1.B9.4.1. Analiza a evolución iconográfica da escultura de Michelangelo, remarcando dun modo especial as esculturas do final da súa vida.	▪ CSIEE ▪ CCEC

U9. O RENACEMENTO EN ESPAÑA

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B10.1. Renacemento en España: implantación e cronoloxía. ▪ B10.2. Fitos históricos españois: Reis Católicos; Carlos V; Filipe II e a súa relación coa arte. ▪ B10.3. Características peculiares da arte española de finais do século XV e do século XVI. Do plateresco a Juan de Herrera.	▪ B10.1. Relacionar a cronoloxía do Renacemento español co italiano.	▪ FA1.B10.1.1. Resume os principais feitos históricos relacionados coa arte española.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ b ▪ d	▪ B10.4. Pintores renacentistas e a súa presenza na corte española: Pedro de Berruguete, Tiziano,	▪ B10.2. Identificar a relación entre a sociedade da época e as artes plásticas.	▪ FA1.B10.2.1. Explica a relación entre o emperador Carlos V e Tiziano.	▪ CSIEE ▪ CCEC

- e - n	Hieronymus Bosch e El Greco.		- FA1.B10.2.2. Explica a relación errada entre Filipe II e El Greco.	- CSIEE - CCEC
- b - d - e - n	- B10.5. Arquitectura: Pazo de Carlos V. O Escorial. Fachada da Universidade de Salamanca.	- B10.3. Recoñecer as principais obras arquitectónicas do Renacemento español.	- FA1.B10.3.1. Identifica a tipoloxía do edificio renacentista, referenciada a edificios emblemáticos españois.	- CAA - CCEC
- b - d - e - n	- B10.6. Escultura: retablos. Alonso González Berruguete.	- B10.4. Comparar a técnica escultórica da Península Ibérica e do resto de Europa.	- FA1.B10.4.1. Compara a escultura relixiosa española coa escultura italiana coetánea.	- CCEC
			- FA1.B10.4.2. Analiza a expresividade na obra de Berruguete.	- CCEC
- b - d - e - n	- B10.4. Pintores renacentistas e a súa presenza na corte española: Pedro de Berruguete, Tiziano, Hieronymus Bosch e El Greco.	- B10.5. Distinguir as obras pictóricas máis importantes do renacemento español.	- FA1.B10.5.1. Comenta a obra de Hieronymus Bosch e a súa relación coa monarquía española.	- CSIEE - CCEC
			- FA1.B10.5.2. Analiza a obra pictórica de El Greco e a súa relación coa iconoloxía bizantina.	- CCEC
- b - c - d - e - n	- B10.7. Sofonisba Anguissola, pintora.	- B10.6. Comparar a obra pictórica de Sofonisba Anguissola coa pintura coetánea.	- FA1.B10.6.1. Analiza a obra da pintora Sofonisba Anguissola.	- CSC - CCEC
- b - d - e - n	- B10.8. Música renacentista. Instrumentos: compositores.	- B10.7. Identificar as claves musicais da música renacentista.	- FA1.B10.7.1. Recoñece os instrumentos musicais do Renacemento.	- CD - CCEC
			- FA1.B10.7.2. Analiza a obra musical de Tomás Luis de Victoria.	- CCEC
- b - d	- B10.9. Moblaxe e o vestiario.	- B10.8. Recoñecer os obxectos cotiáns e os vestiarios do renacemento.	- FA1.B10.8.1. Identifica a tipoloxía do moble do Renacemento: arcas, arquetas, mobles bargeños e cadeiras de frades.	- CCEC

▪ e ▪ n			▪ FA1.B10.8.2. Analiza os traxes dos personaxes dos cadros do Renacemento, nomeadamente na obra de Sánchez Coello.	▪ CCEC
--	--	--	--	--

Bloque 10. O BARROCO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B11.1. Orixe. Crise política europea. Guerra dos Trinta Anos. Política española. ▪ B11.2. Concilio de Trento e a súa importancia no cambio iconográfico nas imaxes relixiosas. ▪ B11.3. Púlpito da catedral de San Pedro. Columna salomónica. ▪ B11.4. Imaxinaria española: técnica e temática.	▪ B11.1. Recoñecer as claves da arte barroca.	▪ FA1.B11.1.1. Relaciona a situación política europea coa evolución do Renacemento cara ao Barroco.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ FA1.B11.1.2. Analiza as instrucións emanadas do Concilio de Trento acerca do xeito de representar nas igrexas.	▪ CSC ▪ CCEC
			▪ FA1.B11.1.3. Analiza o púlpito da basílica de San Pedro e os seus elementos identificativos.	▪ CCEC
			▪ FA1.B11.1.4. Analiza as peculiaridades da imaxinaria española, canto a temática e técnica.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B11.5. Características da arquitectura barroca. ▪ B11.6. Borromini. Bernini. Catedral de Murcia.	▪ B11.2. Utilizar correctamente o vocabulario técnico aplicado aos elementos arquitectónicos.	▪ FA1.B11.2.1. Identifica as principais características da arquitectura barroca.	▪ CCL ▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B11.7. Exceso, desequilibrio manierista e asimetría na arte barroca.	▪ B11.3. Identificar a asimetría en elementos da arte barroca e doutras culturas diferentes.	▪ FA1.B11.3.1. Relaciona a arte barroca europea e a arte colonial hispanoamericana.	▪ CCEC
			▪ FA1.B11.3.2. Compara o barroco con creacións formais recargadas ou barroquistas posteriores.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ e	▪ B11.8. Fachadas das igrexas barrocas.	▪ B11.4. Comparar as fachadas renacentistas e barrocas en España.	▪ FA1.B11.4.1. Describe e compara fachadas das igrexas máis representativas da arte barroca.	▪ CCEC

▪ n				
▪ b ▪ d ▪ e ▪ n	▪ B11.9. Escultura barroca. Bernini.	▪ B11.5. Identificar as obras máis representativas da escultura barroca, en relación cos autores correspondentes.	▪ FA1.B11.5.1. Comenta os principais traballos de Gian Lorenzo Bernini escultor e a súa evolución desde a escultura de Michelangelo Buonarroti.	▪ CCEC
- b - d - e - h - n	- B11.17. Fotografía en España: Cristina García-Rodero e Alberto García Alix.	- B11.11. Analizar a realidade social española a través da mirada fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García Alix.	- FA2.B11.11.1. Comenta a visión de España e a súa xente reflectida na obra fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García Alix.	- CCEC

- b - d - e - h - i - n	- B11.18. Cine de animación: Estudios Pixar; estrea de "Toy Story".	- B11.12. Comentar a evolución do cine de animación.	- FA2.B11.12.1. Comenta o éxito das películas de animación das produtoras Pixar e Dream Works, e a súa relación coas novas técnicas de animación dixitais.	- CCEC
--	---	--	--	--

U12. Os anos 2000 a 2013				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- a - b - e - g - h - n	- B12.1. O ecoloxismo e a arte.	- B12.1. Analizar a importancia do ecoloxismo e da creación artística relacionada con esta filosofía.	- FA2.B12.1.1. Analiza as manifestacións artísticas relacionadas co ecoloxismo utilizando, entre outras, as fotografías de Ansel Adams, a película "Dersu Uzala", ou os documentais de Félix Rodríguez de la Fuente ou do National Geographic.	- CSC - CCEC
- a - b - d - e - h - n	- B12.2. Islamismo radical: destrución das imaxes relixiosas.	- B12.2. Debater acerca do islamismo radical e da iconoclastia a través da historia da arte.	- FA2.B12.2.1. Comenta o concepto iconoclasta do islamismo radical, en referencia, por exemplo, á destrución das imaxes de Buda, entre outras posibles.	- CCL - CCEC
- b - d - e - h - n	- B12.3. Arquitectura máis relevante da década: Norman Foster (concepto "High Tech"), Álvaro Siza, Peter Zumthor, Jean Nouvel, Reem Koolhaas, Rafael Moneo, Shigeru Ban, Souto de Moura, etc. - B12.4. A construción como espectáculo e a súa polémica: Frank Gehry e Santiago Calatrava.	- B12.3. Identificar os edificios máis relevantes da década, en España e no resto do mundo.	- FA2.B12.3.1. Analiza os edificios estrela e a súa repercusión mundial.	- CCEC
			- FA2.B12.3.2. Compara as creacións emblemáticas de Frank Gehry, Santiago Calatrava e Norman Foster, entre outros posibles.	- CCEC

- b - d - e - h - n	- B12.5. Obra de Zara Hadid.	- B12.4. Comparar a obra arquitectónica de Zara Hadid coa do resto de arquitectos/as contemporáneos/as.	- FA2.B12.4.1. Comenta a obra arquitectónica de Zara Hadid.	- CCEC
- b - d - e - g - h - n - p	- B12.6. Tecnoloxía dixital: cine, televisión, fotografía e música. - B12.7. Internacionalismo universal: internet. - B12.8. Novas canles de promoción artística: blogs, redes sociais e plataformas como YouTube, Vimeo, Instagram, Pinterest, etc.	- B12.5. Explicar a importancia de internet na creación artística.	- FA2.B12.5.1. Describe a importancia de internet na arte actual.	- CD - CCEC
			- FA2.B12.5.2. Analiza a tecnoloxía dixital e a súa relación coa creación artística.	- CD - CCEC
			- FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares.	- CD - CCEC
- b - d - e - h - n	- B12.9. Música e baile. Novas tendencias: hip-hop e dance.	- B12.6. Identificar novas formas de danza, tales como o hip-hop e o dance.	- FA2.B12.6.1. Comenta as novas coreografías relacionadas co hip-hop e o dance.	- CCL - CCEC
- b - d - e - h - n - p	- B12.10. Cine en español: éxito internacional de Guillermo del Toro con "O labirinto do fauno". - B12.11. Internacionalización do cine español: Juan Antonio Bayona e Rodrigo Cortés.	- B12.7. Analizar a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Jaume Balagueró e outros posibles.	- FA2.B12.7.1. Comenta a obra cinematográfica española recente, en referencia, por exemplo, aos traballos de Juan Antonio Bayona, Daniel Monzón, Jaume Balagueró, etc.	- CCEC

▪ b ▪ d ▪ e ▪ h ▪ n	▪ B12.12. Xénero documental no cine.	▪ B12.8. Coñecer as características propias do xénero documental no cine.	▪ FA2.B12.8.1. Describe as características máis importantes do xénero documental no cine.	▪ CCEC ▪ ▪ ▪ ▪ ▪
▪ b ▪ d ▪ e ▪ g ▪ h ▪ n ▪ p	▪ B12.13. Técnicas da produción audiovisual. Integración multimedia. ▪ B12.14. Televisión: series de TV, equiparables en popularidade e audiencia ao cine.	▪ B12.9. Explicar a estrutura narrativa das series de ficción para televisión en oposición ao sistema narrativo do cine.	▪ FA2.B12.9.1. Analiza as claves da produción de series para televisión.	▪ CCL ▪ CCEC
			▪ FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos.	▪ CAA ▪ CCEC
			▪ FA2.B12.9.3. Compara a técnica narrativa das series televisivas coa ficción cinematográfica.	▪ CCEC

2.10.2. ESTANDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1	FA2.B1.1.1. Analiza o sentimento romántico e a súa relación coa arte.	Analiza o sentimento romántico e a súa relación coa arte.
	FA2.B1.2.1. Diferencia o termo romántico aplicado ao movemento artístico do século XIX e o uso actual.	FA2.B1.2.1. Diferencia o termo romántico aplicado ao movemento artístico do século XIX e o uso actual.
	FA2.B1.2.1. Diferencia o termo romántico aplicado ao movemento artístico do século XIX e o uso actual.	FA2.B1.2.1. Diferencia o termo romántico aplicado ao movemento artístico do século XIX e o uso actual.
	FA2.B1.4.1. Identifica os principais edificios españois da época: teatro Romea (Murcia), teatro Falla (Cádiz), teatro Campoamor Oviedo), Arco do Triunfo e Pazo de Xustiza (Barcelona), etc.	FA2.B1.4.1. Identifica os principais edificios españois da época: teatro Romea (Murcia), teatro Falla (Cádiz), teatro Campoamor Oviedo), Arco do Triunfo e Pazo de Xustiza (Barcelona), etc.
	FA2.B1.5.1. Sopesa a importancia da obra pictórica de Karl Friedrich Schinkel, Caspar David Friedrich, Thomas Cole, John Constable, William Turner e outros.	FA2.B1.5.1. Sopesa a importancia da obra pictórica de Karl Friedrich Schinkel, Caspar David Friedrich,
	FA2.B1.7.1. Recoñece a obra pictórica de Goya.	FA2.B1.7.1. Recoñece a obra pictórica de Goya.
	FA2.B1.8.1. Comenta as pinturas negras de Goya.	FA2.B1.8.1. Comenta as pinturas negras de Goya.
	FA2.B1.9.1. Comenta o cadro "A balsa da Medusa" de Géricault, valorando a base histórica e o resultado plástico.	FA2.B1.9.1. Comenta o cadro "A balsa da Medusa" de Géricault, valorando a base histórica e o resultado plástico.
	FA2.B1.9.2. Analiza a pintura "A morte de Sardanápalo".	FA2.B1.9.2. Analiza a pintura "A morte de Sardanápalo".
	FA2.B1.10.2. Clasifica a temática dos cadros de Goya.	FA2.B1.10.2. Clasifica a temática dos cadros de Goya.
	FA2.B1.11.1. Relaciona o cadro "A familia de Carlos IV" con "As Meninas".	FA2.B1.11.1. Relaciona o cadro "A familia de Carlos IV" con "As Meninas".
	FA2.B1.12.1. Identifica as primeiras impresións fotográficas.	FA2.B1.12.1. Identifica as primeiras impresións fotográficas
	FA2.B1.13.3. Identifica pezas representativas da obra de Verdi, Wagner e outros.	FA2.B1.13.3. Identifica pezas representativas da obra de Verdi, Wagner e outros.
	FA2.B1.14.1. Identifica as claves estilísticas na indumentaria, na moblaxe e na decoración dos estilos Regency e Napoleón III.	FA2.B1.14.1. Identifica as claves estilísticas na indumentaria, na moblaxe e na decoración dos estilos Regency e Napoleón III.
	FA2.B2.1.2. Comenta a Guerra de Secesión norteamericana e a súa influencia na arte.	FA2.B2.1.2. Comenta a Guerra de Secesión norteamericana e a súa influencia na arte
	FA2.B2.2.1. Identifica os edificios relacionados cos movementos neogótico e neomudéxar.	FA2.B2.2.1. Identifica os edificios relacionados cos movementos neogótico e neomudéxar
	FA2.B2.3.2. Identifica os elementos principais da erección da torre Eiffel.	FA2.B2.3.2. Identifica os elementos principais da erección da torre Eiffel.
	FA2.B2.4.1. Explica a evolución do clasicismo de Canova ao expresionismo de Rodin.	FA2.B2.4.1. Explica a evolución do clasicismo de Canova ao expresionismo de Rodin.
	FA2.B2.5.1. Compara a obra de Rodin e Camille Claudel e establece as conclusións pertinentes.	FA2.B2.5.1. Compara a obra de Rodin e Camille Claudel e establece as conclusións pertinentes.
	FA2.B2.8.1. Relaciona a obra pictórica historicista dos pintores Eduardo Rosales, Francisco Pradilla e Alejandro Ferrant.	FA2.B2.8.1. Relaciona a obra pictórica historicista dos pintores Eduardo Rosales, Francisco Pradilla e Alejandro Ferrant
	FA2.B2.10.1. Relaciona o retrato pictórico de Madrazo e Franz Xaver Wintenthaler.	FA2.B2.10.1. Relaciona o retrato pictórico de Madrazo e Franz Xaver Wintenthaler.
	FA2.B2.12.1. Explica o movemento inglés "Arts and Crafts".	FA2.B2.12.1. Explica o movemento inglés "Arts and Crafts".
	FA2.B2.14.1. Analiza a obra pictórica do movemento prerrafaelita.	FA2.B2.14.1. Analiza a obra pictórica do movemento prerrafaelita
	FA2.B2.19.1. Analiza o ballet "O lago dos cisnes", de Tchaikovski.	FA2.B2.19.1. Analiza o ballet "O lago dos cisnes", de Tchaikovski
	FA2.B3.4.1. Describe as principais creacións de Cézanne.	FA2.B3.4.1. Describe as principais creacións de Cézanne.
	FA2.B3.7.1. Relaciona a obra pictórica de Sorolla con John Singer Sargent.	FA2.B3.7.1. Relaciona a obra pictórica de Sorolla con John Singer Sargent.
	FA2.B3.8.1. Identifica as principais obras dos pintores españois, por exemplo: Santiago Rusiñol, Ramón Casas, Anglada Camarasa, Carlos de Haes, Isidro Nonell e Joaquín Sorolla.	FA2.B3.8.1. Identifica as principais obras dos pintores españois, por exemplo: Santiago Rusiñol, Ramón Casas, Anglada Camarasa, Carlos de Haes, Isidro Nonell e Joaquín Sorolla.
	FA2.B3.9.2. Analiza algunha obra de Pierre Bonnard e Matisse.	FA2.B3.9.2. Analiza algunha obra de Pierre Bonnard e Matisse.
	FA2.B3.12.1. Analiza a arte de Van Gogh.	FA2.B3.12.1. Analiza a arte de Van Gogh.

	FA2.B3.14.3. Identifica as obras cubistas de Juan Gris, Pablo Picasso e Georges Braque.	FA2.B3.14.3. Identifica as obras cubistas de Juan Gris, Pablo Picasso e Georges Braque.
	FA2.B3.16.1. Compara as etapas creativas de Picasso: épocas rosa, azul, cubista e surrealista.	FA2.B3.16.1. Compara as etapas creativas de Picasso: épocas rosa, azul, cubista e surrealista.
	FA2.B3.18.1. Analiza os elementos formais e narrativos que se dan no cartel publicitario.	FA2.B3.18.1. Analiza os elementos formais e narrativos que se dan no cartel publicitario.
	FA2.B3.23.1. Explica o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec.	FA2.B3.23.1. Explica o cartel e a obra gráfica de Henri de Toulouse-Lautrec
	FA2.B3.25.1. Analiza a obra musical dos compositores españois Manuel de Falla, Isaac Albéniz, Enrique Granados e Salvador Bacarisse.	FA2.B3.25.1. Analiza a obra musical dos compositores españois Manuel de Falla, Isaac Albéniz, Enrique Granados e Salvador Bacarisse.
B4	FA2.B4.1.1. Identifica os elementos diferenciadores da arte modernista fronte ao xeometrismo da Art Decó e os neoestilos anteriores.	FA2.B4.1.1. Identifica os elementos diferenciadores da arte modernista fronte ao xeometrismo da Art Decó e os neoestilos anteriores.
	FA2.B4.2.2. Explica o modernismo en Europa: Art Nouveau, Liberty, Sezession e Jugendstil.	FA2.B4.2.2. Explica o modernismo en Europa: Art Nouveau, Liberty, Sezession e Jugendstil
	FA2.B4.3.1. Compara a obra arquitectónica de Antonio Gaudí, Víctor Horta e Adolf Loos.	FA2.B4.3.1. Compara a obra arquitectónica de Antonio Gaudí, Víctor Horta e Adolf Loos.
	FA2.B4.5.1. Identifica pezas escultóricas que poidan clasificarse como crisoelefantinas.	FA2.B4.5.1. Identifica pezas escultóricas que poidan clasificarse como crisoelefantinas.
B5	FA2.B5.1.1. Relaciona as ideas sobre a psicanálise de Sigmund Freud e as creacións surrealistas, especialmente co método paranoico-crítico de Salvador Dalí.	FA2.B5.1.1. Relaciona as ideas sobre a psicanálise de Sigmund Freud e as creacións surrealistas, especialmente co método paranoico-crítico de Salvador Dalí.
	FA2.B5.1.2. Explica as principais características do movemento surrealista.	FA2.B5.1.2. Explica as principais características do movemento surrealista.
	FA2.B5.3.1. Describe o surrealismo no cine, utiliza a obra de Dalí e Buñuel "Un can andaluz" e o resto da filmografía de Luis Buñuel: "A idade de ouro", "Viridiana" e outras.	FA2.B5.3.1. Describe o surrealismo no cine, utiliza a obra de Dalí e Buñuel "Un can andaluz" e o resto da filmografía de Luis Buñuel: "A idade de ouro", "Viridiana" e outras.
	FA2.B5.5.1. Explica a concepción artística dos neoplasticistas holandeses, o grupo "De Stijl".	FA2.B5.5.1. Explica a concepción artística dos neoplasticistas holandeses, o grupo "De Stijl".
	FA2.B5.6.1. Describe o movemento Dada e a obra escultórica de Jean Tinguely.	FA2.B5.6.1. Describe o movemento Dada e a obra escultórica de Jean Tinguely.
B6	FA2.B6.1.1. Comenta a relación entre o desenvolvemento económico mundial e o auxo da Art Decó.	FA2.B6.1.1. Comenta a relación entre o desenvolvemento económico mundial e o auxo da Art Decó.
	FA2.B6.1.2. Explica a evolución desde a arte baseada na natureza (modernismo), á arte xeométrica (Art Decó).	FA2.B6.1.2. Explica a evolución desde a arte baseada na natureza (modernismo), á arte xeométrica (Art Decó).
	FA2.B6.3.1. Compara a escultura de Pablo Gargallo e de Constantin Brancusi.	FA2.B6.3.1. Compara a escultura de Pablo Gargallo e de Constantin Brancusi.
	FA2.B6.4.1. Comenta a obra pictórica da pintora Tamara de Lempicka.	FA2.B6.4.1. Comenta a obra pictórica da pintora Tamara de Lempicka.
	FA2.B6.5.1. Explica as claves artísticas do musical, relacionándoo co Folies Bergère, o Moulin Rouge, o Cotton Club e a traxectoria artística e persoal de Joséphine Baker.	FA2.B6.5.1. Explica as claves artísticas do musical, relacionándoo co Folies Bergère, o Moulin Rouge, o Cotton Club e a traxectoria artística e persoal de Joséphine Baker.
	FA2.B6.6.1. Identifica as claves esenciais da moblaxe decó.	FA2.B6.6.1. Identifica as claves esenciais da moblaxe decó.
	FA2.B6.10.1. Identifica os ritmos e diferenza a música negra americana: espiritual, blues e jazz.	FA2.B6.10.1. Identifica os ritmos e diferenza a música negra americana: espiritual, blues e jazz.
	FA2.B7.3.1. Expón razoadamente a importancia da arte como denuncia social, utilizando, por exemplo, o documental "As Hurdes, terra sen pan", de Luis Buñuel.	FA2.B7.3.1. Expón razoadamente a importancia da arte como denuncia social, utilizando, por exemplo, o documental "As Hurdes, terra sen pan", de Luis Buñuel
	FA2.B7.4.1. Analiza a importancia para o cine da obra creativa de Walt Disney.	FA2.B7.4.1. Analiza a importancia para o cine da obra creativa de Walt Disney.
	FA2.B7.5.3. Analiza as claves sociolóxicas e persoais dos superheroes do cómic: "Superman", "Batman" e "Capitán América".	FA2.B7.5.3. Analiza as claves sociolóxicas e persoais dos superheroes do cómic: "Superman", "Batman" e "Capitán América".
	FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.	FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.
	FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.	FA2.B7.6.1. Debate acerca do valor do cómic como obra de arte.
B8	FA2.B8.1.1. Analiza as artes fascista e comunista, e establece diferenzas e semellanzas.	FA2.B8.1.1. Analiza as artes fascista e comunista, e establece diferenzas e semellanzas.
	FA2.B8.5.1. Explica a relación entre a música de Wagner e o fascismo alemán.	FA2.B8.5.1. Explica a relación entre a música de Wagner e o fascismo alemán.
	FA2.B8.6.1. Analiza as claves da fotografía de guerra, especialmente na obra de Robert Capa, Agustí Centelles ou "Alfonso".	FA2.B8.6.1. Analiza as claves da fotografía de guerra, especialmente na obra de Robert Capa, Agustí Centelles ou "Alfonso".
	FA2.B8.8.1. Explica a técnica da colaxe e a súa utilización no cartel de propaganda política, sobre todo na obra de Josep Renau.	FA2.B8.8.1. Explica a técnica da colaxe e a súa utilización no cartel de propaganda política, sobre todo na obra de Josep Renau.
	FA2.B8.10.1. Explica a importancia dos estudos de cine de Hollywood.	FA2.B8.10.1. Explica a importancia dos estudos de cine de Hollywood.
	FA2.B8.13.1. Identifica as claves cinematográficas de "Casablanca", de Michael Curtiz.	FA2.B8.13.1. Identifica as claves cinematográficas de "Casablanca", de Michael Curtiz.
B9	FA2.B9.1.1. Explica a idea: "a función fai a forma".	FA2.B9.1.1. Explica a idea: "a función fai a forma".

	FA2.B9.1.2. Comenta a frase do arquitecto Mies van der Rohe: "Menos é máis".	FA2.B9.1.2. Comenta a frase do arquitecto Mies van der Rohe: "Menos é máis".
	FA2.B9.2.3. Sinala as claves da moblaxe escandinava.	FA2.B9.2.3. Sinala as claves da moblaxe escandinava.
	FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston.	FA2.B9.8.1. Comenta a cinematografía española e a importancia dos estudos Bronston
B10	FA2.B10.3.1. Analiza a importancia da escultura expresionista española.	FA2.B10.3.1. Analiza a importancia da escultura expresionista española.
	FA2.B10.3.2. Describe a importancia da escultura vasca e indica as obras de Jorge Oteiza, Eduardo Chillida e Agustín Ibarrola.	FA2.B10.3.2. Describe a importancia da escultura vasca e indica as obras de Jorge Oteiza, Eduardo Chillida e Agustín Ibarrola.
	FA2.B10.6.1. Analiza as claves da música pop.	FA2.B10.6.1. Analiza as claves da música pop.
	FA2.B10.6.2. Identifica as principais cancións dos Beatles.	FA2.B10.6.2. Identifica as principais cancións dos Beatles.
	FA2.B10.6.3. Explica as claves do movemento Fans.	FA2.B10.6.3. Explica as claves do movemento Fans.
	FA2.B10.7.1. Describe a evolución do cine español no período da transición.	FA2.B10.7.1. Describe a evolución do cine español no período da transición.
	FA2.B10.10.1. Recoñece o paso da televisión a ser un fenómeno de comunicación de masas.	FA2.B10.10.1. Recoñece o paso da televisión a ser un fenómeno de comunicación de masas.
	FA2.B10.12.1. Identifica a obra musical de Paco de Lucía e de Camarón de la Isla.	FA2.B10.12.1. Identifica a obra musical de Paco de Lucía e de Camarón de la Isla.
	FA2.B10.12.2. Explica as claves do éxito internacional do flamenco.	FA2.B10.12.2. Explica as claves do éxito internacional do flamenco
	FA2.B10.12.3. Recoñece a importancia do baile flamenco no mundo, con referencia á danza e ás coreografías de Carmen Amaya e Antonio Gades.	FA2.B10.12.3. Recoñece a importancia do baile flamenco no mundo, con referencia á danza e ás coreografías de Carmen Amaya e Antonio Gades.
	FA2.B11.2.1. Compara as obras escultóricas de Fernando Botero e Alberto Giacometti.	FA2.B11.2.1. Compara as obras escultóricas de Fernando Botero e Alberto Giacometti.
	FA2.B11.6.1. Analiza a obra musical e artística de Michael Jackson e Madonna.	FA2.B11.6.1. Analiza a obra musical e artística de Michael Jackson e Madonna.
	FA2.B11.7.1. Explica a importancia das compañías de danza e das coreografías de Sara Baras e de Joaquín Cortés.	FA2.B11.7.1. Explica a importancia das compañías de danza e das coreografías de Sara Baras e de Joaquín Cortés.
	FA2.B11.8.1. Recoñece a obra cinematográfica dos directores máis importantes de España: José Luís Garci, Fernando Trueba, Fernando Fernán Gómez, Pedro Almodóvar, Alejandro Amenábar, Álex de la Iglesia, etc.	FA2.B11.8.1. Recoñece a obra cinematográfica dos directores máis importantes de España: José Luís Garci, Fernando Trueba, Fernando Fernán Gómez, Pedro Almodóvar, Alejandro Amenábar, Álex de la Iglesia, etc.
	FA2.B11.10.1. Explica a evolución da técnica televisiva desde o branco e negro á cor.	FA2.B11.10.1. Explica a evolución da técnica televisiva desde o branco e negro á cor.
	FA2.B11.11.1. Comenta a visión de España e a súa xente reflectida na obra fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix.	FA2.B11.11.1. Comenta a visión de España e a súa xente reflectida na obra fotográfica de Cristina García Rodero e Alberto García-Alix.
	FA2.B12.3.2. Compara as creacións emblemáticas de Frank Gehry, Santiago Calatrava e Norman Foster, entre outros posibles.	FA2.B12.3.2. Compara as creacións emblemáticas de Frank Gehry, Santiago Calatrava e Norman Foster, entre outros posibles
	FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares.	FA2.B12.5.3. Explica o potencial difusor da creación artística que supón YouTube e outras plataformas similares.
	FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos.	FA2.B12.9.2. Expón os factores do éxito de audiencia nas series para televisión, e dá exemplos

3. Cultura audiovisual

3.1. INTRODUCCIÓN

Esta materia pretende iniciar os/as estudantes na fabricación das súas propias imaxes e dos seus propios produtos audiovisuais, de natureza tanto estática (como a fotografía) como dinámica (como o vídeo). Para isto cómpre que o alumnado estea en situación de analizar, relacionar e comprender os elementos que forman parte da cultura audiovisual do noso tempo.

A cantidade de información que circula na actualidade, construída a partir de elementos técnicos audiovisuais (fotografía, cine, vídeo, televisión e mesmo radio) é dunha importancia e dunha magnitude dunhas dimensións que nunca se deron na historia da humanidade. A sociedade moderna ten como un dos seus sinais de identidade a presenza de imaxes dixitais en practicamente calquera actividade que desenvolva.

Desde as orixes da humanidade, no paleolítico, a evolución social dos pobos tivo a súa plasmación gráfica, en representacións icónicas ao longo do tempo, na que se reflicte o ámbito en que viven, utilizando para iso variadas ferramentas ao longo do tempo (nomeadamente o debuxo, a escultura e a pintura). A aparición da fotografía e o cine no século XIX trouxo un novo xeito de reflectir a realidade, baseado na impresión da imaxe nunha película. Unha das novidades do novo produto foi que a imaxe obtida gozou desde a súa orixe de percepción por parte da sociedade de imaxe verosímil e sen manipular, é dicir, de reflexo certo do real que alí se reflectía. Xunto a isto, a posibilidade de reprodución, practicamente ilimitada, destes elementos permitiu o acceso a esta información á maioría da sociedade, preferentemente occidental, abranguendo, probablemente por primeira vez na historia, todas as capas sociais. Desde entón, a sociedade viviu unha nova relación de comunicación entre os seus elementos, baseada dun modo crecente en medios audiovisuais. A historia do século XX non se pode concibir sen o uso da imaxe e o son como ferramentas de datación e avaliación dos feitos acontecidos; analizar calquera feto histórico e non recorrer a algún tipo de imaxe fotográfica ou cinematográfica asociada é unha tarefa difícil de concibir na mentalidade actual.

O século XXI presenta na súa cabeceira unha nova revolución social nas comunicacións: a era dixital e internet. Estes dous elementos están a supor un cambio tal nos comportamentos sociais que custa aventurar cara a onde camiñan as novas xeracións nadas dentro deste sistema de información e intercambio de datos. Por primeira vez na historia practicamente todo o mundo, en todos os países, ten ferramentas de recepción e envío de información no instante, información que se constrúe coas ferramentas que esta materia trata de analizar para facilitar a aprendizaxe.

Unha circunstancia recente xurdida das novas plataformas dixitais é a posibilidade de publicar na rede produtos construídos con moi poucos medios técnicos e á marxe da industria dedicada á produción dixital. Estas producións individuais poden ser vistas e/ou escoitadas por millóns de persoas. Por vez primeira na historia, os/as creativos/as poden alcanzar o recoñecemento da súa obra sen pasar polo filtro da industria audiovisual. Este apoio inicial serve como indicativo de calidade para unha posterior integración de novos/as creadores/as dentro da industria audiovisual. Por outra banda, a facilidade de exposición do material ("subir á rede") non supón un aumento da calidade do creado; moi ao contrario, a realidade indícanos que a posibilidade ilimitada de xerar fotos, vídeos, blogs e páxinas web sen a axuda do criterio razoado da industria está a inundar o mercado audiovisual de produtos de calidade moi deficiente. Resulta pertinente, xa que logo, que os alumnos e as alumnas entendan a importancia do proceso creativo e a súa relación inescusable coa industria que se encarga de xestionalo.

Outra das novidades que presenta o mundo dixital actual, que o diferencia das súas orixes (sistemas analóxicos), é a posibilidade de xeración de imaxes artificiais ou alteradas dun modo dificilmente distinguible da imaxe obtida por pura impresión da realidade. Os modernos sistemas dixitais de edición permiten crear ou modificar a realidade da imaxe cunha calidade dificilmente distinguible da simple plasmación da realidade nun fotograma de celuloide.

Por tanto, faise necesario e pertinente facilitarlle ao alumnado ferramentas técnicas e educativas que lle axuden a xestionar a marea de datos, información, imaxes, sons e posibilidades creativas que diariamente recibe en case todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida. A intensidade e a efectividade que conseguen as creacións plásticas realizadas en soporte dixital son, indubidablemente, dunha forza impresionante, posto que combinan sabia ou atinadamente imaxes, música e mensaxes sonoras.

Trátase, daquela, de que o alumnado comprenda e analice a cultura audiovisual da sociedade na que vive e os medios de produción utilizados para xerala; deste xeito, poderá ser quen de desenvolver un sentido crítico e persoal, para ordenar a información recibida e temperar a intensidade da potencia icónica que o mundo audiovisual xera.

A adquisición de competencias para a análise dos elementos expresivos e técnicos, e a dotación de conciencia crítica, debe servir para crear unha cidadanía máis responsable, crítica e participativa.

Esta materia ten un carácter propedéutico necesario e básico para o seu desenvolvemento en etapas posteriores, xa sexa en estudos universitarios de comunicación audiovisual e publicidade, belas artes, etc., ou xa nos de formación profesional de imaxe e son e nas ensinanzas artísticas.

Neste sentido, o ensino desta materia estrutúrase en dous camiños paralelos e complementarios. O primeiro deles é a análise dos produtos que se presentan por medios dixitais: aprender a ver, a escoitar, a discernir o que se di, como se di e por que se lle presenta ao/á espectador/a dun xeito determinado. O segundo é a creación por parte do alumnado de produtos audiovisuais; aprender o proceso creativo dos

produtos audiovisuais é, probablemente, unha das mellores ferramentas para o desenvolvemento persoal e humano, que lles podemos facilitar aos alumnos e ás alumnas para a comprensión dos contidos que reciben por medios dixitais.

Estas dúas vías son, por tanto, imprescindibles e complementarias na formación; cada unha axuda a outra para camiñar xuntas no obxectivo de formar o alumnado nunha materia tan apaixonante como é a creación audiovisual.

O alumnado necesitará saber ler os produtos audiovisuais para comprender a súa mensaxe e, de xeito complementario, empezar a xerar produtos dixitais, co fin de se comunicar e coñecer mellor a realidade da cultura audiovisual.

Cultura Audiovisual desenvólvese durante dous cursos académicos, co criterio organizador de afianzar no primeiro curso de bacharelato as habilidades e os coñecementos necesarios para o seu desenvolvemento, e a súa aplicación técnica no segundo curso. No primeiro curso o alumnado analizará a evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais, e as funcións e as características da imaxe fixa e en movemento, co fin de crear narracións audiovisuais sinxelas. No segundo curso analizará a importancia da función expresiva da imaxe, o son e a música no proceso de creación de audiovisuais e, así mesmo, comprenderá a organización da produción de audiovisuais e as características dos novos medios e das mensaxes publicitarias, co fin de valorar e realizar produtos audiovisuais sinxelos.

3.2. CONTRIBUCIÓN DA MATERIA Á ADQUISICIÓN DAS COMPETENCIAS BÁSICAS

A competencia supón unha combinación de habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz. Contémplase, pois, como coñecemento na práctica, un coñecemento adquirido a través da participación activa en prácticas sociais que, como tales, pódense desenvolver tanto no contexto educativo formal, a través do currículo, como nos contextos educativos non formais e informais.

As competencias, por tanto, se conceptualizan como un «saber facer» que se aplica a unha diversidade de contextos académicos, sociais e profesionais. Para que a transferencia a distintos contextos sexa posible resulta indispensable unha comprensión do coñecemento presente nas competencias, e a vinculación deste coas habilidades prácticas ou destrezas que as integran.

A incorporación de competencias ao currículo permite poñer maior énfasis naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles, desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Estas competencias han de ser desenvolvidas ao finalizar o Bacharelato a obxecto de poder lograr a súa realización persoal, exercer a cidadanía activa, incorporarse á vida adulta de maneira satisfactoria e ser capaz de desenvolver unha aprendizaxe permanente ao longo da vida; con todo, é preciso que o seu desenvolvemento iniciase desde o comezo da escolarización, de maneira que a súa adquisición realícese de forma progresiva.

Os motivos que nos guían para configurar un currículo fundamentado na adquisición de distintas competencias susténtanse nas seguintes finalidades:

Integrar as diferentes aprendizaxes, tanto os formais, incorporados ás diferentes áreas ou materias, como os informais e non formais.

Permitir ao alumnado integrar as súas aprendizaxes, poñelo en relación con distintos tipos de contidos e utilízaos de maneira efectiva cando lle resulten necesarios en diferentes situacións e contextos.

Orientar o ensino, ao permitir identificar os contidos e os criterios de avaliación que teñen carácter imprescindible e, en xeral, inspirar as distintas decisións relativas ao proceso de ensino e aprendizaxe.

As competencias clave son:

CCL. Comunicación lingüística.

CMCCT. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

CD. Competencia dixital.

CAA. Aprender a aprender.

CSC. Competencias sociais e cívicas.

CSIEE. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

CCEC. Conciencia e expresións culturais.

A materia de Cultura Audiovisual contribúe especialmente ao desenvolvemento intelectual do alumnado e ao seu integración social dentro da contorna que lle rodea, proporcionandolle unha formación ampla que abarca tanto a produción de mensaxes audiovisuais sinxelos como a capacidade de valorar e analizar críticamente as mensaxes que circulan nos distintos medios de comunicación.

A aparición da fotografía e o cine no século XIX proporcionou un novo xeito de captar a realidade, así como a posibilidade de reprodución, practicamente ilimitada, destas imáxenes, permitindo o acceso a esta información á maioría de a sociedade. Desde ese momento estendeuse unha comunicación baseada en medios audiovisuais. A historia do século XX non se pode concibir sen o uso da imaxe e o son como ferramentas de datación e avaliación dos feitos. Xa no século XXI prodúcese unha nova revolución?n social nas comunicacións: éraa dixital e internet. Estes dous elementos están supoñendo un cambio radical

nos comportamentos sociais: por primeira vez na historia a maioría da nosa contorna ten medios de recepción e envío ou de información ao instante, información que se constrúe coas ferramentas que esta asignatura trata de analizar e comprender.

Actualmente vivimos inmersos nunha sociedade que está constituída por un enorme entramado de mensaxes icónicos e audiovisuais onde son determinantes as distintas interaccións que se dan entre os medios de comunicación e as súas audiencias. As características deste complexo entramado van influír nas persoas e na conformación da súa identidade. Esa cantidade de información que percibimos en distintos contextos (construída a partir de elementos técnicos audiovisuais como a fotografía, o cine, o vídeo, a televisión, a radio ou internet) é dunha magnitude como nunca antes se había dado. A sociedade moderna ten como unha das súas señas de identidade a presenza de imaxes dixitais en practicamente calquera actividade que desenvolva, polo que resulta imprescindible aprender a desgranar os seus elementos configuradores e interpretar os seus valores semánticos e expresivos.

Unha circunstancia novedosa xurdida das novas plataformas digitais é a posibilidade de publicar na rede produtos construídos con moi poucos medios técnicos e á marxe da industria dedicada á produción dixital. Estas producións individuais poden ser vistas e/ou escoitadas por millóns de persoas. Por primeira vez na historia, os creativos poden alcanzar o recoñecemento da súa obra sen pasar polo filtro da industria audiovisual. Este apoio inicial serve como indicativo de calidade para unha posterior integración dos novos creadores dentro da industria audiovisual. Doutra banda, a facilidade de exposición do material ("subir á rede") non supón un aumento da calidade do creado; moi ao contrario, a realidade indícanos que a posibilidade ilimitada de xerar fotos, vídeos, blogs e páxinas web sen a axuda do criterio razoado está inundando o mercado audiovisual de produtos de calidade moi deficiente. Xa que logo, faise necesario e pertinente facilitar aos alumnos e alumnas ferramentas e técnicas educativas que lles axuden a xestionar a información, imaxes, sons e distintos recursos creativos que diariamente estan á súa disposición en case todos os ámbitos nos que se desenvolve a súa vida.

Por unha banda o alumnado debe aprender a comprender e analizar a cultura audiovisual da sociedade na que vive e os medios utilizados para xerala; e por outro, debe desenvolver un sentido crítico con respecto a esas producións, para ordenar a información recibida e ter elementos de xuízo á hora de enfrontarse á gran cantidade de mensaxes que o mundo audiovisual xera. A adquisición de competencias para o análise dos elementos expresivos e técnicos, e a dotación de conciencia crítica, deben servir para crear unha cidadanía mais responsable, critica e participativa.

Neste proxecto, para acadar unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, incluíronse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitirán ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo.

A continuación, se describe cómo a materia pode contribuir á adquisición das competencias básicas. De todos modos, cabe recordar que serán os estándares de aprendizaxe avaliados, como elementos de maior concreción, observables e medibles, os que, ao poñerse en relación coas competencias clave, permitan graduar o rendemento ou o desempeño alcanzado en cada unha delas.

Comunicación lingüística

A Cultura audiovisual pola súa propia natureza implica o coñecemento dun sistema comunicativo propio por medio de varios códigos. O alumnado comprende e familiarízase coa capacidade de interpretar o mundo desde ángulos distintos, e desenvolve a habilidade de expresar as súas propias valoracións. Deberán explicar, argumentar e expoñer, os proxectos que desenvolvan, de forma escrita e a súa vez aprenden un amplo vocabulario específico da materia, desenvolvendo así a comunicación lingüística.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

A través da aplicación do razoamento matemático, do pensamento lóxico e espacial, para explicar e describir a realidade a través da linguaxe simbólica prodúcese a adquisición da competencia matemática. A utilización de procedementos relacionados co método científico, como a observación, a experimentación e o descubrimento e a reflexión posterior, potencia o pensamento crítico.

Competencia dixital

De maneira crecente, na actualidade, a imaxe, o son e en xeral o conxunto dos produtos audiovisuais desenvólvense por medio e a través dos novos soportes de información e comunicación de base dixital, e como consecuencia posibilitase unha extensa difusión do producido. Débese considerar, ademais, que orixinan diferentes experiencias estéticas, comunicativas e expresivas en quen os utiliza, tanto como creadores como receptores. Así mesmo, parte da produción artística atopa un lugar propio no soporte tecnolóxico, onde a competencia artística e a dixital van enlazadas ineludiblemente. Tamen foméntanse coñecementos, destrezas e habilidades no uso de aplicacións, recursos e programas informáticos para a creación e tratamento de imáxenes e documentos audiovisuais.

Aprender a aprender

A competencia desenvólvese por medio do apoio e estímulo do alumnado cara á propia experimentación, investigación e aplicación práctica dos contidos. Propíciase, ademais, unha búsqueda persoal e creativa dirixida a conformar a súa particular forma de expresión e á utilización do aprendido en diversos contextos coherentemente. Do mesmo xeito, traballase de forma autónoma na elaboración de proxectos, resolución de problemas relacionados coa materia de Cultura Audiovisual e gestionando o tempo na súa aprendizaxe. É importante fomentar a motivación, a autoconfianza e a capacidade de superar os obstáculos co fin de culminar a aprendizaxe con éxito.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

A materia mediante o seu contido impulsa a autonomía, a creatividade, a iniciativa e a innovación, xa que a realización dun proxecto creativo implica a toma dunha serie de decisións, ademais de planificar, estruturar, xestionar e coordinar ideas, recursos e medios. Estes factores propician o desenvolvemento persoal e unha aprendizaxe eficaz, así como o sentido da responsabilidade.

Competencias sociais e cívicas

Operar con elementos característicos da linguaxe audiovisual propicia experiencias vinculadas coa diversidade de respostas e a aceptación das diferenzas ante un mesmo estímulo. Ademais traballa o análise crítico das mensaxes difundidas por medios audiovisuais na sociedade. Do mesmo xeito a materia de Cultura Audiovisual debe promover documentos audiovisuais accesibles a calquera persoa. A adquisición de habilidades sociais e cívicas apóiase no fomento do traballo en equipo, xa que este propicia actitudes de respecto, tolerancia, cooperación e flexibilidade.

Conciencia e expresións culturais

O desenvolvemento desta competencia relaciónase directamente con Cultura Audiovisual, ao contemplar contidos e actividades creativas que abordan aspectos culturais e estéticos do panorama social e artístico contemporáneo, potenciándose así o desenvolvemento da sensibilidade artística e a alfabetización estética. O alumnado desenvólvese a conciencia das súas propias necesidades creativas e artísticas por medio do coñecemento e a experimentación cos elementos expresivos de diferentes técnicas e ferramentas de produción. Favorécese a capacidade de analizar e comprender a importancia da actividade artística, en todas as súas formas, como medio comunicativo e expresivo e a concreción dunha linguaxe expresiva propia.

3.3. METODOLOXÍA

3.3.1. PRINCIPIOS PEDAGÓXICOS XERAIS

O punto de partida é unha aprendizaxe significativa que sirva ao alumnado para aprender a aprender considerando ao docente como unha guía e mediador na actividade construtiva do alumnado.

A etapa do bacharelato presenta unha serie de particularidades:

- Etapa non obrigatoria, carácter terminal e propedéutico de estudos superiores.
- O alumnado posúe un maior grao de desenvolvemento do pensamento abstracto formal, que lle permite establecer con máis facilidade hipóteses e deducións.
- O alumnado ten unha base de capacidades desenvolvidas que lle permite unha maior autonomía nos traballos.
- No noso caso, ademais, trátase dunha modalidade de educación a distancia na que a diversidade de intereses e capacidades do alumnado é moi variada (persoas adultas traballadoras, persoas inmersas en programas de reinserción social, alumnos e alumnas doutros centros que cursan a nosa materia no IES San Clemente, alumnas e alumnos que proveñen de sistemas educativos distintos, etc)
- Ademais, na modalidade de educación a distancia, a persoa docente debe actuar como titor nun proceso de aprendizaxe que require incidir dun modo importante na capacidade do alumnado para desenvolver capacidades referidas á organización, autonomía na aprendizaxe, constancia e autoavaliación.

O proceso de ensino-aprendizaxe entendemos que debe cumprir os seguintes requisitos:

- **Partir do nivel de desenvolvemento do alumnado e das súas aprendizaxes previas e asegurar a construción de aprendizaxes significativas a través da mobilización dos seus coñecementos previos e da memorización comprensiva.** A aprendizaxe parte dos fundamentos que o alumnado adquiriu en etapas anteriores. As novas aprendizaxes baséanse neles, co que o alumnado toma conciencia da utilidade do xa aprendido.
- **Posibilitar que os alumnos e as alumnas realicen aprendizaxes significativas por si sós.** A materia está relacionada e así quedará patente, con outras do Bacharelato, especialmente coa maioría das da modalidade de Artes do Bacharelato, contribuíndo, así, a unha concepción integradora do coñecemento e permitindo a formulación de accións educativas interdisciplinares. Pretende potenciarse a autonomía progresiva do alumnado. A adquisición de coñecementos require da súa posta en práctica con exercicios e actividades de aplicación, que perseguen a resolución de problemas mediante a reflexión sobre os conceptos aprendidos, evitando a resolución mecánico-memorística.
- **Favorecer situacións nas que os alumnos e alumnas deben actualizar os seus coñecementos.**
- **Proporcionar situacións de aprendizaxe que teñen sentido para os alumnos e alumnas, co fin de que resulten motivadoras.** O uso no posible de referentes culturais familiares, como base das actividades, permitirá ao alumnado establecer conexións entre a materia e a realidade, e facilitará a asimilación dos conceptos. A materia mostrará as súas profundas vinculacións coa situación socio-cultural na que vivimos inmersos. A materia tamén contribúe significativamente ao desenvolvemento dos contidos transversais mediante o tratamento dos seus contidos actitudinais. O respecto polas producións e opinións alleas e a participación en procesos de intercambio de opinión na aula e nos foros poñen en práctica a educación para a paz, a educación cívica e a educación intercultural. O coidado do material propio e alleo, o rigor, a orde, a precisión e a perseveranza nas tarefas emprendidas desenvolven a educación ambiental, a educación para o consumo e a educación para a saúde.

- **Desenvolver, tratándose da modalidade de educación a distancia, a autonomía do alumnado.** Na modalidade de educación a distancia, a persoa docente debe actuar como titora nun proceso de aprendizaxe que require incidir dun modo importante na capacidade do alumnado para desenvolver capacidades referidas á organización e autoxestión responsable e eficaz do seu tempo e capacidades, autonomía na aprendizaxe, constancia e autoavaliación.

En coherencia co exposto, os principios que orientan a nosa práctica educativa son os seguintes:

- **Metodoloxía activa.**
Supón atender a aspectos intimamente relacionados, referidos ao clima de participación e integración do alumnado no proceso de aprendizaxe:
Integración activa dos alumnos e alumnas na dinámica xeral da aula e na adquisición e configuración das aprendizaxes.
Participación no desenvolvemento do proceso de ensino/aprendizaxe.
- **Motivación.**
Consideramos fundamental partir dos intereses, demandas, necesidades e expectativas dos alumnos e alumnas.
- **Atención á diversidade do alumnado.**
A nosa intervención educativa cos alumnos e alumnas asume como un dos seus principios básicos ter en conta os seus diferentes ritmos de aprendizaxe, así como os seus distintos intereses e motivacións.
- **Avaliación do proceso educativo.**
A avaliación concíbese dunha forma holística, é dicir, analiza todos os aspectos do proceso educativo e permite a retroalimentación, a achega de informacións precisas que permiten reestruturar a actividade no seu conxunto.

3.3.2. PROCESO DE ENSINO E APRENDIZAXE

En liñas xerais, o método de ensino-aprendizaxe que levase a cabo neste curso baseáase nos seguintes puntos que teñen como obxectivo que devandito proceso sexa o máis flexible e aberto posible. Forman parte desta metodoloxías seguintes pautas de actuación:

Se fará fincapé na lectura comprensiva, ensinando a extraer conceptos.

Presentación e explicación pormenorizada dos contidos na clase.

Incentivar a participación do alumnado na aula mediante preguntas de control ou temas que poidan dar pé ao debate.

Animar ao alumnado á visita de obras de arte, galerías de arte, museos, internet e lugares onde poidan interaccionar coas obras de arte.

Utilizar medios audiovisuais e TIC na aula, así como fomentar o seu uso para a adquisición dos contidos fóra desta através de búsquedas na internet, bibliotecas, museos... No caso de películas ou documentais rodados nun idioma distinto ao castelán, tentátese proxectalos preferentemente en versión orixinal subtitulada.

Dar a coñecer lugares de interese dentro da cidade que estean relacionados coa época obxecto de estudo.

Fomento do respecto ao patrimonio histórico- artístico e da sensibilidade pola seu disfrute e conservación.

Fomento do hábito de lectura.

Realización de actividades que fomenten o pensamento diverxente, a capacidade de traballo colectivo e a adquisición de hábitos positivos.

Os eixos cronolóxicos ou as liñas de tempo axudan ao alumnado para ordear a sucesión dos feitos humanos e tamén a traballar a sincronía, a relacionar aqueles feitos que son interdependientes entre si. Permítenos facer ver ao alumnado a complexidade das explicacións históricas, facerlles entender que os fenómenos artísticos e audiovisuais non dependen dun só factor, que explicar a realidade é unha tarefa complexa, permítenos estudar a causalidade múltiple dos feitos sociais, as interrelacións entre diferentes feitos. Os alumnos e alumnas de Bacharelato xa adquiriron un tipo de pensamento lóxico formal que lles proporciona unha certa capacidade de abstracción e xeneralización, o que nos pode permitir abordar o estudo doutros conceptos relacionados co tempo histórico algo máis complexos.

Cultura audiovisual é unha materia eminentemente visual, xa que na súa base atópase a contemplación e experimentación visual dos produtos audiovisuais. Por iso utilizaremos de maneira recorrente o comentario de imáxenes sobre calquera dos contidos tratados, fotos, diapositivas, etc.. Para facelo atractivo e motivante o alumnado se verá impelido, a través das actividades propostas, a solicitar ditas imaxes por diversos métodos e fontes (Internet, enciclopedias, biblioteca, hemeroteca, bibliografía, etc.).

A mellor maneira de achegarse ao feito audiovisual será vendo a súa produción da forma máis completa posible. Para iso e dada a imposibilidade de ver obras orixinais correspondentes a todos os estilos, recorreremos na aula principalmente ás imáxenes en soporte dixital, que permitirán coñecer unha obra en conxunto e en detalle. As obras a estudar serán seleccionadas en función da súa importancia á hora de representar determinado concepto, procurando sempre non abordar un número excesivo delas.

En canto ao comentario en si, se fará de maneira variada, con diversos enfoques que abarquen desde unha análise estilística ou histórica ao descritivo (materia, tipoloxía, estrutura, composición, etc.), as implicacións sociais e uso como ferramenta de prestixio da obra de arte, etc. Usaremos un enfoque ecléctico, que aúne o punto de vista formalista (identificación de estilos, materiais, elementos clave, composición, etc.), iconográfico (simboloxía), biográfico (abundando na obra de cada artista), sociolóxico (adscripción a un contexto temporal socioeconómico e a súa finalidade ou uso político ou sociolóxico), hermenéutico (relecturas actuais), estruturalista (ler a obra audiovisual de maneira análoga a un texto, unha estrutura semántica máis alá da aparencia externa), etc., e que o alumno sexa consciente do enfoque aplicado en cada caso. Non hai que esquecer tampouco o enfoque impresionista, a écfrasis ou libre evocación, xa que, aínda que se afaste do academicismo, algúns dos obxectivos de materia teñen que ver coa sensibilización no goze do audiovisual en sé, dunha maneira persoal e subxectiva.

O modelo de comentario axustácese, grosso modo, ás seguintes características:

Descrición material da obra (Autor, título, data, dimensións e formato, material, soporte e técnica de execución, lugar de procedencia e/ou de emprazamento)

- Estudo do autor e do seu contexto histórico-cultural.
- Análise do significado (Tema, individualización do contido, descrición das persoaxes-actitude, tipo de plano, escena, disposición no espazo, descrición do ambiente ou fondo arquitectónico, paisaxístico..., finalidade)
- Análise da linguaxe visual (liña, superficie, cor, luz, volume, composición).
- Valoración estética.

O traballo co alumnado estrutúrase cara a unha forma activa dos procesos de aprendizaxe, canalizando ao alumno cara ao autoaprendizaxe. Dado o carácter práctico da materia, unha metodoloxía activa é a máis adecuada e aplicárase apoiándonos nos puntos seguintes:

- Comezarse estimulando o interese do alumno, presentando a materia como linguaxe universal co que será capaz de expresar formas imaxinadas e comprender as representadas por outros. Con esta linguaxe será posible comprobar o exposto polo docente e investigar sobre iso.
- No proceso de ensino e aprendizaxe débense establecer as relacións entre o que o alumnado coñece e o que está a aprender, para que observe como os seus coñecementos amplíanse.
- Fomentarse o estudo, a participación e a investigación ao expoñer o tema, convidando ao alumnado a descubrir o que ten que aprender.
- As explicacións deben ser sinxelas e claras proporcionando sen ambigüidade os exemplos concretos do que pretendemos dicir.
- O alumnado debe adquirir confianza en si mesmo e fixar as ideas fundamentais que lle permitan profundar na materia (sempre do simple ao complexo, sen saltarse pasos).

3.3.3. ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE

Exercicios autoavaliables: Cada unidade didáctica conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado, tendo así mesmo acceso a o solucionario para autoavaliar o seu nivel de consecución.

Exercicios para enviar á persoa titora: Cada dúas quincenas o alumnado conta cun boletín de exercicios e problemas para resolver por parte do alumnado e enviar á persoa titora. Permite á persoa docente seguir o proceso de aprendizaxe do alumnado e a éste comprobar, cas indicacións da persoa docente, o seu nivel de adquisición dos contidos.

Exercicios de reforzo e ampliación: Cada unidade didáctica, atendendo ás necesidades individuais de cada alumna e alumno, a persoa docente pode deseñar actividades que poidan valer de reforzo ou apoio, ou ben de ampliación.

3.4. ESTRATEXIAS E INSTRUMENTOS PARA A AVALIACIÓN DAS APRENDIZAXES DO ALUMNADO

A avaliación é unha das actividades fundamentais do proceso de ensino e aprendizaxe. A avaliación debe estar perfectamente integrada no conxunto do proceso global da aprendizaxe, polo que debe incluír todas as actividades do alumnado e referirse ao grao de consecución de todos os coñecementos, procedementos e actitudes. Ademais, debe considerarse como un recurso máis dentro do proceso de ensino-aprendizaxe e non soamente como un instrumento de medida para decidir sobre a promoción ou non do alumnado.

Se evalúa para orientar ao alumnado e ao profesorado sobre os aspectos básicos do proceso de ensino-aprendizaxe como son: a metodoloxía, os recursos, as estratexias, a adecuación ou non dos currículos, a diversidade de capacidades, o grao de desenvolvemento das competencias e a existencia de especiais necesidades educativas. O papel do profesorado será o de motivador e guía do proceso de ensino-aprendizaxe buscando sempre a participación de todo o alumnado e a atención á diversidade. O papel do alumnado será o de protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe (todo o traballo está dirixido ao alumnado), estará presente e participará na dinámica pedagóxica a seguir.

3.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

A calificación para cada avaliación obtense comprobando o grao de consecución dos estándares de contidos e competencias. Para medir o seu grao de consecución utilízanse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

As probas ou exames: o tipo de proba escrita ou exame que se utiliza para avaliar a adquisición dos estándares da materia serán variados ao longo do curso co fin de adaptarse á diversidade do alumnado, pero incluírán de maneira variable:

- Preguntas tipo test.
- Definición de conceptos.
- Varias preguntas de desenvolvemento e/ou relación dos contidos.
- Análise e comentario dun produto audiovisual.

Na avaliación do exame teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e dedución.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo.

As actividades e exercicios a realizar polos alumnado:

As tarefas realizadas polo alumnado se clasifican en tarefas autoavaliabes e exercicios de envío á persoa titora, realizados polos alumnos e alumnas, de forma voluntaria e individual.

Este punto poderíamos consideralo unha ampliación da observación, e neste sentido réalzase de novo a importancia do traballo do alumnado, traballos monográficos, resúmenes, resolución de exercicios e problemas, que poden ser:

- Esquemas dos núcleos ou unidades contidos na programación, unha vez completado o estudo de cada un deles.
- Definicións e desenvolvemento de conceptos concretos.
- Análise e comentarios escritos, sobre conceptos, estilos ou movementos, obras, autores, textos artísticos, ou calquera aspecto relevante referido a cada un dos núcleos ou unidades didácticas.
- Investigación ao redor de calquera dos contidos da programación.
- Elaboración de produtos audiovisuais.
- Estudo ou informe sobre calquera posible visita realizada a museos, exposicións, talleres...
- Presentación de cada un dos traballos expostos, acompañado da correspondente bibliografía, e dentro dos prazos establecidos.

Na avaliación dos exercicios para realizar durante o curso teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e dedución.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Emprego teórico-práctico da linguaxe e procedementos de produción audiovisual.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo
- Puntualidade na realización e entrega de cada exercicio.

3.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso; se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, éste poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentou, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

Exames: Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con “métodos ilícitos” (é dicir copiou), de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, gráfica, etc., a persoa docente impondrá como sanción punitiva unha nota de cero no devandito exame. Ademais, porase en comunicación o feito á Xefatura de Estudos para a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non se considerará a diferenza entre faltas xustificadas e inxustificadas, xa que todas se considerarán por igual como faltas de asistencia e polo tanto constarán como non presentado.

Nas probas obxetivas ou exames teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

Exercicios de envío á persoa titora: Ao tratarse dunha modalidade de educación a distancia, tense en conta a situación particular do noso alumnado. Tanto as tarefas autoavaliáveis como os exercicios de envío á persoa titora non se consideran obrigatorios. Porén, os exercicios de envío á persoa titora teranse en conta, poidendo sumar ata 1 punto da nota da alumna ou alumno.

De igual modo si se comproba que o alumno ou alumna ten reproducido de maneira literal as fontes consultadas nos traballos e actividades, dita proba tenr á unha calificación negativa.

Nos exercicios de definición de conceptos e análise e comentario de imaxes teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

3.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Os materiais configuráronse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos.

Esta formulación queda de manifesto nos seguintes puntos:

- Dentro dos documentos das Guías, así como nas titorías presenciais e screencats, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores. Desta maneira, aqueles alumnos e alumnas con máis

dificultades poderán ir asimilando os contidos de cada tema sen ter que dar saltos bruscos.

- Así mesmo, son expostos fenómenos que poden presentar máis dificultade para algúns alumnos e alumnas ou se amplían determinados aspectos doutros contidos xa estudados. Deséxase así satisfacer as necesidades daquel alumnado máis adiantados ou, simplemente, os que chegaron a un uso determinado cunha mellor preparación.
- A elaboración de materiais de forma diversa para a súa exposición, así como o uso de medios audiovisuais, favorece a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.
- A inclusión de numerosos exemplos e problemas resoltos de dificultade variada debe servir para adquirir técnicas de resolución complicadas a aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo.
- A presenza continua das actividades ao longo de todo o tema e a diferente dificultade dos problemas propostos facilitan a adecuación ao nivel do alumnado.

Por outra banda, procurarase manter un frecuente contacto co noso alumnado, tanto o que asiste ás clases como aquel que asiste online, xa sexa no aula, nos foros e correo electrónico do Aula virtual ou por teléfono. Deste xeito, a persoa docente pode detectar os niveis de adquisición e logros do alumnado e deseñar materiais e actividades voluntarias dirixidas ao alumnado:

- Materiais didácticos e Actividades de apoio ou reforzo: Para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos no tempo establecido ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.
- Materiais didácticos e Actividades de ampliación: Para o alumnado que acada rapidamente os obxectivos, consistentes na procura de información dalgún contido do tema.

3.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar preferentemente o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa, salvo excepcións.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.
- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.
- Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego.
- Na selección de textos ou libros de lectura, sen menoscabo do contido, priorizaranse en galego.

Avaliación:

Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado. Formulando, se procede, algunhas cuestións sobre os textos recomendados en lingua galega.

Contribución ao Proxecto das TICs

No sistema de ensino en este centro na ESA e no bacharelato a distancia o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.
- Gravar temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación: Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento inténtase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.
- Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos.
- A escoita e as respostas de forma respetuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación.
- Usar en todo momento unha linguaxe non sexista, non discriminatoria por motivos de xénero, etnia, ideoloxía...

Avaliación:

Valorar as actitudes respectuosas, tolerantes e dialogantes do alumnado entre si e co profesorado.

3.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Difusión, a través da web do instituto, de eventos, descubrimentos, noticias en xeral, que resulten relevantes para a temática que se abarca nesta materia.

Este curso faise mais difícil facer visitas a exposicións, en colaboración con outros departamentos do ámbito, dependendo das programacións anuais das diversas institucións, museos, etc.

3.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Guía electrónica do alumnado.
- Vídeos, animacións, screencasts...
- Recursos web.
- Material propio de debuxo técnico (escuadro, cartabón, compás...)

Ao tratarse de educación a distancia, cada Quincena o alumnado pode acceder, a través da Plataforma das Guías nas que conta cos Obxectivos do tema, Documento Didáctico, Preguntas Frecuentes, Exercicios Autoavaliabes e as súas solucións e Vídeos tutoriais. Por outra banda, conta co menú Apuntamentos, onde o docente colga clases gravadas, vídeos tutoriais, exemplos de exercicios resoltos paso a paso, esquemas e resumos, etc. Comentar que o contido destas Guías pode ser brevemente transformado polo profesor, durante este curso, para adaptalo mellor á programación.

O alumnado pode acceder ás clases vía online ou ben pode asistir tanto ás titorías presenciais como ás titorías multimedia. Tamén dispón de vías como o teléfono ou o correo web para estar en contacto co docente.

O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento: Presentación en pantalla de proxeccións (programa utilizado: Power Point), visualización de documentos PDF con exercicios resoltos, screencats ou vídeos tutoriais, e utilización da pizarra para exposicións colectivas ou particularizadas de contidos conceptuais, onde o docente e o alumnado poidan interactuar de forma online.

3.9. CULTURA AUDIOVISUAL I: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos tratan de presentar a materia co obxectivo de formar o alumnado e desenvolver unha serie de capacidades relacionadas co arte, cultura e sociedade, de tal xeito que o alumnado poida interpretar e valorar o imaxinario socio-cultural no que se inscriben as distintas manifestacións artísticas.

A distribución dos contidos realizouse a partir de doce bloques xerais que responden ao marco legal, introducidos gradualmente e de xeito interrelacionado.

	UNIDADES
1ª AVALIACIÓN	NARRATIVA AUDIOVISUAL I
	NARRATIVA AUDIOVISUAL II
	NARRATIVA AUDIOVISUAL III
	A IMAXE EN MOVEMENTO E A SÚA CAPACIDADE EXPRESIVA I
Exame:	30 de Novembro e 2 de Decembro
2ª AVALIACIÓN	A IMAXE EN MOVEMENTO E A SÚA CAPACIDADE EXPRESIVA II
	A IMAXE EN MOVEMENTO E A SÚA CAPACIDADE EXPRESIVA III
	IMAXE E SIGNIFICADO I
	IMAXE E SIGNIFICADO II
Exame:	22 e 24 de Febreiro
3ª AVALIACIÓN	IMAXE E SIGNIFICADO III
	NARRATIVA AUDIOVISUAL I
	NARRATIVA AUDIOVISUAL II
	NARRATIVA AUDIOVISUAL III
Exame:	10 e 12 de Maio
Final:	14 e 16 de Xuño

3.9.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Cultura Audiovisual I. 1º de bacharelato				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1.Imaxe e significado				
- b - d - g - h - n	- B1.1. Imaxe representada: funcións e forma.	- B1.1. Explicar as funcións da imaxe representada: simbólica, relixiosa, lúdica, decorativa, xerárquica, educativa, etc.	- CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.	- CCL
- b - d - g - h - n	- B1.2. Evolución da construción de imaxes fixas ao longo da historia da arte	- B1.2. Recoñecer e diferenciar as principais formas de representación icónica: simbolismo, realismo, expresionismo, naturalismo, idealismo e abstracción.	- CA1B1.2.1. Compara imaxes da historia da arte (por exemplo: hieratismo exipcio, helenismo grego, simbolismo románico, dramatismo barroco, realismo decimonónico, etc.) e establece as súas diferenzas formais.	- CCEC
- b - d - g - h - n	- B1.3. Medios audiovisuais: características principais.	- B1.3. Analizar as características principais da fotografía, o son, o cine, a televisión e os produtos dixitais en internet.	- CA1B1.3.1. Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.	- CCEC
			- CA1B1.3.2. Compara o tratamento formal da pintura e a fotografía do século XIX: retrato, paisaxe, eventos históricos, etc.	- CCEC
- b - d - g - h - i - n	- B1.4. Evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais. Linguaxe dos novos medios. Comparativa histórica dos fitos da fotografía, o cine, a televisión, a radio, o multimedia e os novos medios. O mundo audiovisual como representación do mundo real. Funcións da imaxe. - B1.5. Transcendencia da valoración expresiva e estética das imaxes e da observación crítica das mensaxes.	- B1.4. Valorar a importancia da evolución dos medios e das linguaxes audiovisuais nos medios de comunicación nas sociedades actuais, e a interrelación creativa que brindan as tecnoloxías da información e da comunicación.	- CA1B1.4.1. Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas.	- CCL
			- CA1B1.4.2. Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.	- CCEC
			- CA1B1.4.3. Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.	- CMCCT

			CA1B1.4.4. Valora os contidos multimedia e dos novos medios na representación da realidade.	CD
Bloque 2. A imaxe fixa e a súa capacidade expresiva				
- b - d - g - n	B2.1. Características propias da imaxe fotográfica, en relación a outras imaxes fixas.	B2.1. Recoñecer as propiedades diferenciadoras da imaxe fotográfica.	CA1B2.1.1. Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.	CD
- b - d - g - m - n	B2.2. Encadramento na imaxe fixa.	B2.2. Analizar as composicións fotográficas, valorando a disposición dos elementos dentro do espazo físico da imaxe.	CA1B2.2.1. Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.	CD
- b - d - g - h - i - m - n	B2.3. Fotografía en branco e negro: características principais.	B2.3. Analizar a capacidade expresiva da imaxe en branco e negro, e a súa utilización como alternativa á fotografía en cor.	CA1B2.3.1. Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.	CCEC
			CA1B2.3.2. Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.	CD
- b - d - g - h - i - n	B2.4. Fotografía en cor: características principais.	B2.4. Analizar a composición da cor a través do sistema RGB.	CA1B2.4.1. Analiza o sistema RGB de construción da cor.	CMCCT
			CA1B2.4.2. Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.	CCEC

- b - d - g - i - m - n	- B2.4. Fotografía en cor: características principais.	- B2.5. Analizar o uso da cor na imaxe fixa: saturación, matiz, investimento, etc.	- CA1B2.5.1. Realiza composicións en cor e altera o cromatismo mediante tratamento dixital, e logo analiza os resultados obtidos.	- CD
- b - d - g - h - n	- B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político.	- B2.6. Identificar os patróns icónicos da fotografía como instrumento de difusión da inxustiza social.	- CA1B2.6.1. Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sebastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.	- CSC
- b - d - g - h - m - n	- B2.5. A fotografía como instrumento de denuncia social e o seu uso como imaxe do poder político.	- B2.7. Analizar as formas de expresar o poder político a través dos tempos, e a imaxe oficial a través de escultura ou a pintura, e valorar as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	- CA1B2.7.1. Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	- CSC
- b - d - g - h - n	- B2.6. Fotografía de moda. Condicionantes plásticos e económicos. Obra gráfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco.	- B2.8. Expor e comentar as claves plásticas da obra de fotógrafos/as da moda.	- CA1B2.8.1. Explica as claves plásticas e compositivas da obra fotográfica e/ou videográfica de Mario Testino, Jaume de Laiguana e Eugenio Recuenco, etc.	- CCL
- b - d - g - h - n	- B2.7. Realidade paradoxal. Obra gráfica de Chema Madoz.	- B2.9. Reflexionar acerca da relación entre a imaxe e a realidade xurdida na obra gráfica de Chema Madoz.	- CA1B2.9.1. Comenta a creación plástica de Chema Madoz, analizando o xogo entre a realidade e a percepción paradoxal desta na súa obra.	- CAA

- b - d - g - h - i - n	- B2.8. Elementos expresivos e usos da imaxe fixa. Códigos que configuran as linguaxes. - B2.9. Función ilustradora da imaxe (imaxe e texto). - B2.10. Composición de imaxes fixas. Ritmo visual. - B2.11. Narración mediante imaxes fixas (carteis, historieta gráfica e presentacións). Guión da historieta. Elaboración de historias gráficas mediante imaxes de uso público. A fotografía na publicidade. - B2.12. Técnicas dixitais no deseño, na manipulación e creación de imaxes. - B2.13. Tratamento de imaxes dixitais.	- B2.10. Analizar as funcións da imaxe fixa empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de imaxes dixitais.	- CA1B2.10.1. Analiza os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.	- CCEC
			- CA1B2.10.2. Analiza as funcións do ritmo na composición de imaxes fixas.	- CCEC
			- CA1B2.10.3. Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.	- CSC
			- CA1B2.10.4. Recoñece e valora que se respecte a autoría na elaboración e na distribución de fotografías por internet.	- CSC
			- CA1B2.10.5. Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.	- CD
Bloque 3. A imaxe en movemento e a súa capacidade expresiva				
- b - d - g - i - n	- B3.1. Fundamentos perceptivos da imaxe en movemento. Ilusión de movemento.	- B3.1. Analizar a técnica de exposición de imaxes fixas para simular movemento, desde o principio do cine, pasando pola televisión, ata a imaxe dixital actual.	- CA1B3.1.1. Diferencia as principais características técnicas dos sistemas cine PAL e NTSC na reprodución de imaxes.	- CMCCT
- b - d - g - h - n	- B3.2. Composición expresiva do cadro de imaxe no cine e en televisión. Función da iluminación.	- B3.2. Analizar as funcións e as características comunicativas da imaxe en movemento empregadas para satisfacer as necesidades expresivas da sociedade actual, e aplicalas na elaboración de producións dixitais sinxelas.	- CA1B3.2.1. Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.	- CCEC
			- CA1B3.2.2. Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	- CSIEE
- b - d - g - i	- B3.3. Características técnicas da imaxe cinematográfica e videográfica, da imaxe televisiva e dos audiovisuais. 3D.	- B3.3. Diferenciar a calidade da imaxe obtida por diferentes medios dixitais no relativo a resolución, brillo, luminosidade, etc.	- CA1B3.3.1. Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.	- CCEC
			- CA1B3.3.2. Identifica os sistemas técnicos de captación e edición dixital en producións audiovisuais.	- CD

▪ n			▪ CA1B3.3.3. Analiza as características dos sistemas de captación e proxección de imaxes en 3D	▪ CSIEE
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B3.4. Sistemas de captación de imaxes en movemento. Sistemas tradicionais analóxicos e modernos sistemas dixitais.	▪ B3.4. Analizar as características técnicas necesarias para a creación de efectos: cámara rápida, lenta e <i>bullet time</i>.	▪ CA1B3.4.1. Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).	▪ CMCCT
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ i ▪ n	▪ B3.5. Características expresivas da velocidade de reprodución de imaxes: cine mudo; cámara lenta; <i>bullet time</i>.	▪ B3.5. Valorar os resultados expresivos obtidos ao alterar a velocidade de reprodución das imaxes en movemento.	▪ CA1B3.5.1. Realiza modificacións en pezas videográficas alterando a velocidade de reprodución e os parámetros relacionados co tamaño de imaxe, e analiza o resultado obtido.	▪ CD
Bloque 4. Narrativa audiovisual				
▪ b ▪ d ▪ g ▪ n	▪ B4.1. Narración da imaxe en movemento. Plano e secuencia.	▪ B4.1. Relacionar a construción do plano de imaxe e a súa capacidade narrativa.	▪ CA1B4.1.1. Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.	▪ CAA
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ n	▪ B4.2. Planos de imaxe. Movementos de cámara. ▪ B4.3. Diálogo no cine: plano e contraplano. ▪ B4.4. Plano secuencia.	▪ B4.2. Diferenciar os principais tipos de plano de imaxe.	▪ CA1B4.2.1. Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.	▪ CAA
			▪ CA1B4.2.2. Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.	▪ CMCCT
			▪ CA1B4.2.3. Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A sogá" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.	▪ CD
▪ b	▪ B4.5. Relacións espazo-temporais na narración audiovisual. Flashforward e flashback.	▪ B4.3. Analizar a importancia narrativa do flashback na construción narrativa cinematográfica.	▪ CA1B4.3.1. Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.	▪ CSIEE

- d - g - h - n			- CA1B4.3.2. Analiza o significado narrativo do flashback en series para televisión.	- CAA
- b - d - g - h - n	- B4.6. Literatura e guión cinematográfico. Sinopse. Escaleta. Guión literario. Secuencia. Guión técnico. Storyboard.	- B4.4. Identificar en obras cinematográficas de relevancia a súa estrutura narrativa.	- CA1B4.4.1. Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.	- CCL
- b - d - g - h - n	- B4.7. Montaxe audiovisual.	- B4.5. Recoñecer as diferenzas entre a realidade e a representación que ofrecen as imaxes en movemento, analizando os aspectos narrativos dos produtos audiovisuais e aplicando criterios expresivos.	- CA1B4.5.1. Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	- CAA
			- CA1B4.5.2. Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.	- CSC
- b - d - g - h - n	- B4.8. Xéneros cinematográficos. Xéneros televisivos. Cine de ficción e documental. Cine de animación.	- B4.6. Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais.	- CA1B4.6.1. Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.	- CCEC
- b - d - g - h - n	- B4.9. Narrativa dos produtos interactivos.	- B4.7. Identificar as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet	- CA1B.4.7.1. Identifica e explica as posibilidades das tecnoloxías da información e da comunicación, con especial atención aos medios de comunicación de libre acceso, como internet.	- CCEC

3.9.2. ESTANDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1	▪ CA1B1.1.1. Analiza imaxes da historia da arte e explica as funcións ás que estaban destinadas.	Identificar as funcións da imaxe.
	▪ CA1B1.3.1. Analiza as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.	Analizar as similitudes nos tratamentos formais entre a arte tradicional e a fotografía.
	▪ CA1B1.4.1. Explica as principais características dos sistemas audiovisuais, as súas relacións e as súas diferenzas.	Explicar as principais características dos sistemas audiovisuais.
	▪ CA1B1.4.2. Establece as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.	Establecer as diferenzas entre imaxe e realidade, e as súas diversas formas de representación.
	▪ CA1B1.4.3. Analiza os avances que se produciron ao longo da historia no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.	Analizar os avances no campo das tecnoloxías da información e da comunicación, e na evolución estética das mensaxes audiovisuais.
B2	▪ CA1B2.1.1. Establece as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.	Establecer as diferenzas entre imaxe pousada, instantánea, e captura do movemento.
	▪ CA1B2.2.1. Realiza fotografías de primeiro plano, plano detalle, panorámicas, picados e contrapicados, analiza os resultados obtidos e valora a súa correspondencia gráfica con traballos similares de artistas coñecidos/as.	Identificar e realiza fotografías con diversos planos (primer plano, plano xeral...)
	▪ CA1B2.3.1. Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.	Analiza a obra gráfica de fotógrafos/as que traballen en branco e negro, como Martín Chambi, Irvin Penn, Cecil Beaton, Ansel Adams, etc.
	▪ CA1B2.3.2. Realiza dous tratamentos de elaboración dixital a unha mesma composición, en branco e negro e en cor, e analiza o resultado estético e semántico diferente.	Realizar tratamentos de elaboración dixital en branco e negro e en cor.
	▪ CA1B2.4.2. Compara a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.	Comparar a obra dos/das principais fotógrafos/as e artistas no tratamento da cor, como Ernst Haas, Andy Warhol, Howard Schatz, Ouka Lele, etc.
	▪ CA1B2.6.1. Analiza a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.	Analizar a obra e a transcendencia social dos traballos de Dorothea Lange, Sabastião Salgado, Kevin Carter, Manuel Pérez Barriopedro, Cristina García Rodero, Gervasio Sánchez, etc.
	▪ CA1B2.7.1. Realiza unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.	Realizar unha composición en que se analicen as formas de expresar o poder político a través dos tempos (faraóns, emperadores, reis, presidentes, etc.), e analiza as similitudes entre a imaxe clásica e a fotográfica.
	▪ CA1B2.10.1. Analiza os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.	Analizar os elementos espaciais, as características básicas, o significado e o sentido empregados na lectura de imaxes fixas.
	▪ CA1B2.10.3. Valora os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.	Valorar os usos da imaxe fotográfica nos medios de comunicación e nos novos medios.
	▪ CA1B2.10.5. Analiza os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.	Analizar os sistemas actuais dixitais de captación e tratamento fotográfico.

	CA1B3.2.1. Analiza os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.	Analizar os elementos espaciais e temporais, as características básicas, o significado e o sentido na lectura de imaxes en movemento.
	CA1B3.2.2. Identifica e analiza os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	Identificar e analizar os elementos expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).
	CA1B3.3.1. Valora a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.	Valorar a función da iluminación como compoñente expresivo na construción do plano de imaxe.
	CA1B3.4.1. Analiza pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).	Analizar pezas videográficas ou cinematográficas en que se apliquen efectos de movemento (intencionados ou técnicos).
B4	CA1B4.1.1. Relaciona os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.	Relacionar os elementos formais do plano e a súa consecuencia narrativa.
	CA1B4.2.1. Analiza nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.	Analizar nunha obra cinematográfica a construción narrativa dos planos e a secuencia.
	CA1B4.2.2. Comenta a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.	Comentar a construción do plano-contraplano nun diálogo, a partir dunha obra cinematográfica.
	CA1B4.2.3. Explica a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A sogá" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.	Explicar a complexidade técnica da construción dun plano secuencia, utilizando, entre outras pezas posibles, "A sogá" de Alfred Hitchcock; "Sede de mal" de Orson Welles e "Son Cuba" de Mikhail Kalatofov.
	CA1B4.3.1. Comenta a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.	Comentar a transcendencia narrativa do flashback en obras cinematográficas de relevancia.
	CA1B4.4.1. Analiza a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.	Analizar a estrutura narrativa de obras significativas da historia do cine.
	CA1B4.5.1. Identifica e analiza os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais, e aplícalos na valoración de diversos produtos (película cinematográfica, programa de televisión, etc.).	Identificar e analizar os elementos técnicos, expresivos e estéticos utilizados nas producións audiovisuais.
	CA1B4.5.2. Especifica a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.	Especificar a tipoloxía de xénero, a intencionalidade comunicativa e os códigos expresivos empregados na realización de películas e programas de televisión, a partir da súa visión e da súa análise.
	CA1B4.6.1. Analiza producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.	Analizar producións multimedia interactivas e de novos medios, identificando as características dos produtos e as súas posibilidades.

3.10. CULTURA AUDIOVISUAL II: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos tratan de presentar a materia co obxectivo de formar o alumnado e desenvolver unha serie de capacidades relacionadas co arte, cultura e sociedade, de tal xeito que o alumnado poida interpretar e valorar o imaxinario socio-cultural no que se inscriben as distintas manifestacións artísticas.

A distribución dos contidos realizouse a partir de doce bloques xerais que responden ao marco legal, introducidos gradualmente e de xeito interrelacionado.

	UNIDADES
1ª AVALIACIÓN	A INDUSTRIA CULTURAL AUDIOVISUAL I.O CINE
	A INDUSTRIA CULTURAL AUDIOVISUAL II.LECTURA DE IMÁXENES EN MOVEMENTO
	A PUBLICIDADE
	MICRONARRRRATIVAS.IMAXES FIXAS E EN MOVEMENTO
Exame:	24 e 26 de Novembro
2ª AVALIACIÓN	O PARADIGMA AUDIOVISUAL ACTUAL
	RADIO E PODCATS
	A INDUSTRIA CULTURAL AUDIOVISUAL IV.PROFESIÓN E RESPONSABILIDADE SOCIAL DOS MEDIOS
	A INDUSTRIA CULTURAL AUDIOVISUAL III. LA TELEVISIÓN.
Exame:	9 e 11 de Febreiro
3ª AVALIACIÓN	INTEGRACIÓN DE SON E IMAXE I
	INTEGRACIÓN DE SON E IMAXE II
	CINE EXPERIMENTAL,VIDEOARTE E ARTE DIXITAL
	MEDIOS DE COMUNICACIÓN CIUDADANOS E DIFUSIÓN DE CONTIDOS. ARTE SOCIAL E COLABORATIVO.
Exame:	20 e 22 de Abril
Final:	6 e 11 de Maio

3.10.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

	Cultura Audiovisual II. 2º de bacharelato			
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Integración de son e imaxe na creación de audiovisuais e novos medios			
▪ d ▪ g ▪ i	B1.1. Función expresiva do son: características técnicas.	B1.1. Analizar as características técnicas do son, como a lonxitude e a frecuencia de onda, e o timbre.	CA2B1.1.1. Explica as características físicas do son, e o proceso de creación e difusión.	CMCCT
▪ d ▪ g ▪ i ▪ m	B1.2. Gravación do son: tipos esenciais de microfonía.	B1.2. Diferenciar os sistemas de captación microfónica a partir das necesidades de obtención do son	CA2B1.2.1. Realiza gravacións de son con aparellos sinxelos e valora os resultados obtidos.	CD CAA
▪ b ▪ d ▪ g ▪ i ▪ m	B1.3. A gravación e difusión musical. Sistemas monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3 e outros posibles.	B1.3. Diferenciar as características técnicas principais de gravación e difusión de sons a través de diferentes sistemas (monofónicos, estereofónicos, dolby surround, 5.1, mp3, etc.).	CA2B1.3.1. Realiza edición dixital, convertendo pezas musicais dun sistema de son a outro (mono-estéreo, PCM wav, aiff-mp3) e avalía os resultados (tamaño, calidade, destino final, etc.).	CD
▪ b ▪ d ▪ g ▪ i ▪ m ▪ n	B1.4. A relación perceptiva entre imaxe e son: diálogos, voz en off, efectos especiais e música.	B1.4. Explicar a relación entre a imaxe e o son.	CA2B1.4.1. Constrúe pezas audiovisuais combinando imaxe e son, que integren voz en off, pezas musicais e efectos na narración visual.	CD
Evalúase para orientar ao alumnado e ao profesorado sobre os aspectos básicos do proceso de ensino-aprendizaxe como son: a metodoloxía, os recursos, as estratexias, a adecuación ou non dos currículos, a diversidade de capacidades, o grao de desenvolvemento das competencias e a existencia de especiais necesidades educativas. O papel do profesorado será o de motivador e guía do proceso de ensino-aprendizaxe buscando sempre a participación de todo o alumnado e a atención á diversidade. O papel do alumnado será o de protagonista do proceso de ensino-aprendizaxe (todo o traballo está dirixido ao alumnado), estará presente e participará na dinámica pedagóxica a seguir.

4.4.1. INSTRUMENTOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

A calificación para cada avaliación obtense comprobando o grao de consecución dos estándares de contidos e competencias. Para medir o seu grao de consecución utilízanse os seguintes procedementos e instrumentos de avaliación:

As probas ou exames: o tipo de proba escrita ou exame que se utiliza para avaliar a adquisición dos estándares da materia serán variados ao longo do curso co fin de adaptarse á diversidade do alumnado, pero incluírán de maneira variable:

- Definición de conceptos.
- Varias preguntas de desenvolvemento e/ou relación dos contidos.
- Análise e comentario dun deseño.
- Resolución e Elaboración dun deseño.

Na avaliación do exame teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e dedución.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo.

As actividades e exercicios a realizar polos alumnado:

As tarefas realizadas polo alumnado se clasifican en tarefas autoavaliáveis e exercicios de envío á persoa titora, realizados polos alumnos e alumnas, de forma voluntaria e individual.

Este punto poderíamos consideralo unha ampliación da observación, e neste sentido réalzase de novo a importancia do traballo do alumnado, traballos monográficos, resúmenes, resolución de exercicios e problemas, que poden ser:

- Esquemas dos núcleos ou unidades contidos na programación, unha vez completado o estudo de cada un deles.
- Definicións e desenvolvemento de conceptos concretos.
- Análise e comentarios escritos, sobre conceptos, estilos ou movementos, obras, autores, textos artísticos, ou calquera aspecto relevante referido a cada un dos núcleos ou unidades didácticas.
- Investigación ao redor de calquera dos contidos da programación.
- Estudo ou informe sobre calquera posible visita realizada a museos, exposicións, talleres, conxuntos histórico-artísticos.
- Presentación de cada un dos traballos expostos, acompañado da correspondente bibliografía, e dentro dos prazos establecidos.
- Elaboración de deseños propios.

Na avaliación dos exercicios para realizar durante o curso teranse en conta os seguintes aspectos:

- Adecuada asimilación dos aspectos estudados.
- Estrutura organizada, orixinalidade e boa presentación.
- Utilización e uso adecuado da bibliografía/ webgrafía evitando reproducila con exactitude.
- Expresión racional, lóxica e ordeada.
- Posta en práctica dos métodos de análise síntesis e deducción.
- Emprego adecuado da terminoloxía específica.
- Demostración do progreso na práctica das diferentes técnicas de traballo.
- Puntualidade na realización e entrega de cada exercicio.

4.4.2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E DE PROMOCIÓN

Será posible superar o curso por avaliacións, cunha única avaliación suspensa, sempre que a nota desta sexa un 4 e a suma das cualificacións obtidas nas tres avaliación do curso sexa 15 ou superior

O alumnado que non acade un mínimo de 15 ó sumar as tres avaliacións, ou non se presentara nalgunha delas; terá que recuperar as avaliacións suspensas, ou non presentadas, no exame final. Para superar a materia terá que obter un mínimo de 15 sumando as notas das avaliacións ordinarias aprobadas cas das avaliacións recuperadas no exame final. Tamén neste caso; se nunha das avaliacións, e soamente nunha delas, se sacara un 4, éste poderá ser compensado cas notas das outras dúas avaliacións sempre e cando a suma das tres avaliacións siga sendo como mínimo de 15.

O alumnado que teña toda a materia suspensa, ou non se presentou, terá que facer un exame final de toda a materia. Para aprobar será necesario superar este exame cunha nota alomenos dun 5.

Exames: Se se detecta que a alumna ou alumno ten realizado algunha das probas obxectivas con “métodos ilícitos” (é dicir copiou), de calquera natureza, xa sexa electrónica, escrita, grafica, etc., a persoa docente impondrá como sanción punitiva unha nota de cero no devandito exame. Ademáis, porase en comunicación o feito á Xefatura de Estudos para a sanción correspondente segundo o réxime disciplinario interno en vigor.

En relación á asistencia en data e hora ao exame, non se considerará a diferenza entre faltas xustificadas e inxustificadas, xa que todas se considerarán por igual como faltas de asistencia e polo tanto constarán como non presentado.

Nas probas obxetivas ou exames teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

Exercicios de envío á persoa titora: Ao tratarse dunha modalidade de educación a distancia, tense en conta a situación particular do noso alumnado. Tanto as tarefas autoavaliáveis como os exercicios de envío á persoa titora non se consideran obrigatorios. Porén, os exercicios de envío á persoa titora teranse en conta, poidendo sumar ata 1 punto da nota da alumna ou alumno.

De igual modo se se comproba que o alumno ou alumna ten reproducido de maneira literal as fontes consultadas nos traballos e actividades, dita proba tenr á calificación negativa.

Nestes exercicios teránse en conta a redacción, ortografía e presentación.

4.5. MEDIDAS PARA A INCLUSIÓN E A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade dos alumnos e alumnas, no referente ás diferenzas individuais en capacidades, motivación e intereses, esixe que as materias curriculares posibiliten unha acción aberta do profesorado, de forma que, tanto o nivel dos contidos como as formulacións didácticas, poidan variar segundo as necesidades específicas da aula. Os materiais configuráronse tendo isto en conta. Pretenden propoñer solucións coherentes tanto para aqueles grupos de alumnos e alumnas con menor formación específica nestas áreas como para aqueles que tiveron a posibilidade de realizar estudos máis amplos.

Esta formulación queda de manifesto nos seguintes puntos:

- Dentro dos documentos das Guías, así como nas titorías presenciais e screencats, refórzanse contidos estudados en etapas anteriores. Desta maneira, aqueles alumnos e alumnas con máis dificultades poderán ir asimilando os contidos de cada tema sen ter que dar saltos bruscos.
- Así mesmo, son expostos fenómenos que poden presentar máis dificultade para algúns alumnos e alumnas ou se amplían determinados aspectos doutros contidos xa estudados. Deséxase así satisfacer as necesidades daquel alumnado máis adiantados ou, simplemente, os que chegaron a un uso determinado cunha mellor preparación.
- A elaboración de materiais de forma diversa para a súa exposición, así como o uso de medios audiovisuais, favorece a integración dos contidos por parte dun alumnado con moi diversas motivacións e capacidades.
- A inclusión de numerosos exemplos e problemas resoltos de dificultade variada debe servir para adquirir técnicas de resolución complicadas a aqueles alumnos e alumnas cunha formación máis deficiente neste campo.
- A presenza continua das actividades ao longo de todo o tema e a diferente dificultade dos problemas propostos facilitan a adecuación ao nivel do alumnado.

Por outra banda, procurarase manter un frecuente contacto co noso alumnado, tanto o que asiste ás clases como aquel que asiste online, xa sexa no aula, nos foros e correo electrónico do Aula virtual ou por teléfono. Deste xeito, a persoa docente pode detectar os niveis de adquisición e logros do alumnado e deseñar materiais e actividades voluntarias dirixidas ao alumnado:

- Materiais didácticos e Actividades de apoio ou reforzo: Para o alumnado que non acade os obxectivos mínimos no tempo establecido ou que teñen un ritmo de aprendizaxe máis lento.

- Materiais didácticos e Actividades de ampliación: Para o alumnado que acada rapidamente os obxectivos, consistentes na procura de información dalgún contido do tema.

4.6. CONCRECIÓN DE ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Contribución ao Proxecto lingüístico

Coa finalidade de potenciar o coñecemento e o uso da lingua galega, dende este departamento procurarase:

- Usar o galego como vía de comunicación habitual dentro da comunidade educativa.
- Realizar as comunicacións escritas co alumnado e demais persoal do centro en lingua galega.
- Fomentar o uso da lingua nas conversas informais.
- Sempre que sexa oportuno os documentos presentaranse ao alumnado en galego.
- Na selección de textos ou libros de lectura, sen menoscabo do contido, priorizaranse en galego.

Avaliación:

Valorar a actitude de respecto cara a lingua e o uso da mesma entre o alumnado e nas comunicacións co profesorado. Formulando, se procede, algunhas cuestións sobre os textos recomendados en lingua galega.

Contribución ao Proxecto das TICs

No sistema de ensino en este centro na ESA e no bacharelato a distancia o uso das TICs é un dos instrumentos e recursos básico de aprendizaxe e de comunicación entre alumnado e profesorado. Pode resultar redundante este obxectivo, sen embargo sempre debemos fomentar que o alumnado saque o máximo proveito destes recursos e desenvolva a súa autonomía.

En esta liña de actuación dende este departamento procurarase:

- Estimular ao alumnado no uso de todas as utilidades da plataforma educativa para que consigan un maior aproveitamento das súas posibilidades (foros, FAQs, correo, fonoteca,...)
- Fomentar a busca selectiva de información en internet de forma precisa e rápida. Para conseguir este obxectivo a información que se facilite ao alumnado deberá ser ordenada, diferenciando os documentos de obrigado estudo, dos que sexan de ampliación. Evitando o exceso de información.
- Gravar temas en vídeo como elemento facilitador da aprendizaxe.

Avaliación: Valorar a mellora e aumento no uso dos recursos do portal educativo con respecto a cursos anteriores.

Contribución ao Plan de Convivencia

Considerando que a calidade da convivencia dentro de calquera colectivo e da comunidade educativa en especial, é un factor clave para o bo funcionamento do centro, dende este departamento inténtase:

- Colaborar co Observatorio da Convivencia e na elaboración do Plan de Convivencia.
- Manter e fomentar o espírito de compañeirismo, colaboración e respecto nas relacións coas demais persoas e promover esta dinámica entre o alumnado.
- Para conseguir este obxectivo usaremos o diálogo como medio de resolución de conflitos.
- A escoita e as respostas de forma respetuosa e tolerante, coas opinións e diverxencias dos demais, serán as liñas base de actuación.
- Usar en todo momento unha linguaxe non sexista, non discriminatoria por motivos de xénero, etnia, ideoloxía...

Avaliación

Valorar as actitudes respectuosas, tolerantes e dialogantes do alumnado entre si e co profesorado.

4.7. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

Difusión, a través da web do instituto, de eventos, descubrimentos, noticias en xeral, que resulten relevantes para a temática que se abarca nesta materia. Visitas a exposicións, en colaboración con outros departamentos do ámbito, dependendo das programacións anuais das diversas institucións, museos, etc.

4.8. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

- Guía electrónica do alumnado.
- Vídeos, animacións, screencasts...
- Recursos web.
- Material propio de debuxo técnico (escuadro, cartabón, compás...)
- Pizarra electrónica de nueva adquisición para este curso
- Utilización da sala de grabación especial para facer vídeos co primeiros planos.

Ao tratarse de educación a distancia, cada Quincena o alumnado pode acceder a través da Plataforma das Guías nas que conta cos Obxectivos do tema, Documento Didáctico, Preguntas Frecuentes, Exercicios Autoavaliáveis e as súas solucións e Vídeos tutoriais. Por outra banda, conta co menú Apuntamentos, onde o docente colga clases gravadas, vídeos tutoriais, exemplos de exercicios resoltos paso a paso, esquemas e resumos, etc.

O alumnado pode acceder ás clases vía online ou ben pode asistir ás titorías multimedia, excepcionalmente ofreceráse titorías presenciais, debido a situación da pandemia. Tamén dispón de vías como o teléfono ou o correo web para estar en contacto co docente.

O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento: Presentación en pantalla de proxeccións (programa utilizado: Power Point), visualización de documentos PDF con exercicios resoltos, screencats ou vídeos tutoriais, e utilización da pizarra para exposicións colectivas ou particularizadas de contidos conceptuais. Neste curso non se podrá facer debates presencialmente onde o docente e o alumnado participan activamente e intercambian información.

4.9. DESEÑO: CONTIDOS. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

Os contidos tratan de presentar a materia co obxectivo de formar o alumnado e desenvolver unha serie de capacidades relacionadas co deseño, cultura e sociedade, de tal xeito que o alumnado poida interpretar e valorar o imaxinario socio-cultural no que se inscriben as distintas manifestacións do deseño.

A distribución dos contidos realizouse a partir de doce unidades que responden ao marco legal, introducidos gradualmente e de xeito interrelacionado. Trátase de que o alumnado teña unha visión global do deseño que lle permita no seguinte curso afondar algúns aspectos desta materia.

	UNIDADES
1ª AVALIACIÓN	DESEÑO: CONCEPTO, FUNCIONS E ELEMENTOS
	ESTRUTURAS BÁSICAS E PROCESO DO DESEÑO
	HISTORIA E DEFINICIÓN DO DESEÑO GRÁFICO
	O DESEÑO. HISTORIA, ELEMENTOS E FERRAMENTAS
Exame:	21 de Novembro
2ª AVALIACIÓN	DESEÑO GRÁFICO: TIPOGRAFÍA, MARCA E LOGO
	DESEÑO EDITORIAL E DESEÑO MULTIMEDIA
	DESEÑO INDUSTRIAL: DEFINICIÓN, HISTORIA E MATERIAIS
	DESEÑO INDUSTRIAL: DESEÑO DE OBXECTOS
Exame:	06 de Febreiro
3ª AVALIACIÓN	DESEÑO DE INTERIORES: INTERIORISMO
	DESEÑO DE INTERIORES: ELEMENTOS DECORATIVOS
	DESEÑO DE INTERIORES: PROXECTO DE EXECUCIÓN
	TÉCNICAS E MATERIAIS DO DESEÑO
Exame:	16 de Abril
Final:	14 de Maio

4.9.1. OBXECTIVOS, CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 1. Evolución histórica e ámbitos do deseño			
- b - d - g - h - n	- B1.1. Concepto de deseño: definición, orixes e tendencias. - B1.2. Historia do deseño. Da artesanía á industria: a Revolución Industrial. Principais períodos e escolas de deseño en diferentes ámbitos. Figuras máis salientables. - B1.3. Funcións do deseño. Deseño e comunicación social. Influencia do deseño na ética e na estética contemporáneas.	- B1.1. Coñecer e describir as características fundamentais dos movementos históricos e das correntes e escolas máis salientables na historia do deseño, recoñecer as achegas do deseño en diferentes ámbitos e valorar a repercusión que tivo nas actitudes éticas, estéticas e sociais na cultura contemporánea.	- DEB1.1.1. Coñece e describe as características fundamentais das principais correntes e escolas da historia do deseño.	- CCL
			- DEB1.1.2. Analiza imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaa coa súa corrente, a súa escola ou o seu período.	- CCEC - CSC
			- DEB1.1.3. Analiza imaxes de produtos de deseño e de obras de arte, e explica razoadamente as principais semellanzas e diferenzas entre estes dous ámbitos, utilizando con propiedade a terminoloxía específica da materia.	- CAA
- b - d - g - h - l - n	- B1.4. Deseño publicitario e hábitos de consumo. - B1.5. Deseño sustentable: ecoloxía e ambiente. - B1.6. Principais campos de aplicación do deseño: gráfico, de interiores, de moda e de produtos. - B1.7. Deseño e arte. Diferenzas e similitudes entre o obxecto artístico e o obxecto de deseño. - B1.8. Proceso do deseño: deseño e creatividade. Desde a preparación ata a elaboración do produto deseñado.	- B1.2. Comprender que a actividade de deseñar sempre está condicionada polo contorno natural, social e cultural, e polos aspectos funcionais, simbólicos, estéticos e comunicativos aos que se lles queira dar resposta.	- DEB1.2.1. Comprende, valora e explica de maneira argumentada a incidencia que ten o deseño na formación de actitudes éticas, estéticas e sociais e nos hábitos de consumo.	- CCL
	Bloque 2. Elementos de configuración formal			
- b - d - g - h - n	- B2.1. Teoría da percepción visual. Proceso da percepción visual. Leis da Gestalt.	- B2.1. Identificar os elementos que forman a estrutura da linguaxe visual.	- DEB2.1.1. Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en obxectos de deseño ou do contexto cotián.	- CMCCT

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - g - h - m - n	- B2.2. Elementos básicos da linguaxe visual: punto, liña, plano, cor, forma e textura. Aplicación ao deseño. - B2.3. Linguaxe visual: creación de mensaxes visuais.	- B2.2. Utilizar os elementos básicos da linguaxe visual na realización de composicións creativas que evidencien a comprensión e a aplicación dos fundamentos compositivos.	- DEB2.2.1. Realiza composicións gráficas, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe visual.	- CD
			- DEB2.2.2. Analiza imaxes ou produtos de deseño, recoñecendo e diferenciando os seus aspectos funcionais estéticos e simbólicos.	- CD
- b - d - g - h - m - n	- B2.4. Sintaxe visual. Sistemas de ordenación: estrutura e composición. Recursos na organización da forma e o espazo, e a súa aplicación ao deseño: repetición, ordenación e composición modular, simetría, dinamismo, deconstrución, etc. - B2.5. Cor: modelos, gamas, interacción e harmonía. Espazos de cor.	- B2.3. Aplicar as teorías perceptivas e os recursos da linguaxe visual á realización de produtos concretos de deseño.	- DEB2.3.1. Aplica as teorías perceptivas e os recursos da linguaxe visual á realización de propostas de deseño en diferentes ámbitos.	- CCEC
			- DEB2.3.2. Utiliza a cor atendendo ás súas calidades funcionais, estéticas e simbólicas, e á súa adecuación a propostas específicas de deseño.	- CCEC
- b - d - g - m - n	- B2.6. Deseño e función. Relación entre forma e función. Análise da dimensión pragmática, simbólica e estética do deseño.	- B2.4. Diferenciar os aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos de obxectos de referencia dos distintos ámbitos do deseño.	- DEB2.4.1. Modifica os aspectos comunicativos dunha peza de deseño, ideando alternativas compositivas e reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos.	- CD
			- DEB2.4.2. Descompón en unidades elementais unha obra de deseño gráfico complexa e reorganizaas elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais.	- CCEC
	Bloque 3. Teoría e metodoloxía do deseño			
- b - d - g - n	- B3.1. Introducción á teoría do deseño: definición de teoría, metodoloxía, investigación e proxecto.	- B3.1. Valorar a importancia da metodoloxía como ferramenta para a formulación, o desenvolvemento, a realización e a comunicación acertados do proxecto de deseño.	- DEB3.1.1. Coñece e aplica a metodoloxía proxectual básica.	- CCL

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
- b - d - g - h - m - n	- B3.2. Fases do proceso do deseño: formulación e estruturación (suxeito, obxecto, método e finalidade), elaboración e selección de propostas, e presentación do proxecto.	- B3.2. Resolver problemas de deseño de xeito creativo, lóxico e racional, adecuando os materiais e os procedementos á súa función estética, práctica e comunicativa.	- DEB3.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas.	- CSIEE
- b - d - g - h - m - n	- B3.3. Fundamentos de investigación no proceso do deseño: compilación de información e análise de datos.	- B3.3. Compilar e analizar información relacionada cos aspectos do proxecto que se vaia desenvolver, para realizar propostas creativas e realizables ante un problema de deseño.	- DEB3.3.1. Determina as características técnicas e as intencións expresivas e comunicativas de diferentes obxectos de deseño.	- CSC
			- DEB3.3.2. Recolle información, analiza os datos obtidos e realiza propostas creativas.	- CAA
- b - d - g - h - m - n	- B3.4. Planificación do proceso de execución: propósito, necesidades, estilo, orzamento, tempo de execución, etc.	- B3.4. Achegar solucións diversas e creativas ante un problema de deseño, potenciando o desenvolvemento do pensamento diverxente.	- DEB3.4.1. Planifica o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra.	- CMCCT
			- DEB3.4.2. Debuxa ou interpreta a información gráfica, tendo en conta as características e os parámetros técnicos e estéticos do produto para o seu posterior desenvolvemento.	- CMCCT
- b - d - g - h - m - n	- B3.5. Materiais técnicos e procedementos para a realización de esquemas e bosquejos gráficos.	- B3.5. Coñecer e aplicar técnicas básicas de realización de esquemas e bosquejos, presentar con corrección os proxectos e argumentalos con base nos seus aspectos formais, funcionais, estéticos e comunicativos.	- DEB3.5.1. Realiza esquemas e bosquejos para visualizar a peza e valorar a súa adecuación aos obxectivos propostos.	- CAA
			- DEB3.5.2. Materializa a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica.	- CSIEE
			- DEB3.5.3. Planifica o traballo, coordínase, participa activamente, e respecta e valora as realizacións do resto dos integrantes do grupo nun traballo de equipo.	- CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	Bloque 4. Deseño gráfico			
- b - d - g - h - m - n	- B4.1. Funcións comunicativas do deseño gráfico: identidade, información e persuasión. - B4.2. Ámbitos de aplicación do deseño gráfico. - B4.3. Deseño gráfico e sinalización. Sinalética. Principais factores condicionantes, pautas e elementos na elaboración de sinais. - B4.4. Aplicacións.	- B4.1. Explorar con iniciativa as posibilidades plásticas e expresivas da linguaxe gráfica e utilízalas de xeito creativo na ideación e na realización de obra orixinal de deseño gráfico, e analizar desde o punto de vista formal e comunicativo produtos de deseño gráfico, identificando os recursos gráficos, comunicativos e estéticos empregados.	- DEB4.1.1. Realiza proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade.	- CCEC
			- DEB4.1.2. Examina obxectos de deseño e determina a súa idoneidade en función das súas características técnicas, comunicativas e estéticas.	- CCEC
- b - d - g - h - m - n	- B4.5. Tipografía: carácter tipográfico. Elementos tipográficos. Lexibilidade. Clasificación dos tipos. Principais familias tipográficas.	- B4.2. Identificar as principais familias tipográficas e recoñecer as pautas básicas de lexibilidade, estrutura, espazamento e composición.	- DEB4.2.1. Identifica as principais familias tipográficas e recoñece as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición	- CCEC
			- DEB4.2.2. Utiliza de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acordados na súa elección e na súa composición.	- CCEC
- b - d - g - h - m - n	- B4.7. Deseño publicitario. Fundamentos e funcións da publicidade. Elementos da linguaxe publicitaria.	- B4.3. Realizar proxectos elementais de deseño gráfico identificando o problema, achegando solucións creativas e seleccionando a metodoloxía e os materiais adecuados para a súa materialización.	- DEB4.3.1. Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas.	- CMCCT
- b - d - g - h - n	- B4.8. A función comunicativa da imaxe e a súa relación cos ámbitos do deseño.	- B4.4. Desenvolver unha actitude reflexiva e creativa en relación coas cuestións formais e conceptuais da cultura visual da sociedade da que forma parte.	- DEB4.4.1. Relaciona o grao de iconicidade de imaxes gráficas coas súas funcións comunicativas.	- CAA
			- DEB4.4.2. Emite xuízos de valor argumentados respecto á produción gráfica propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade.	- CSIEE

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B4.9. Programas informáticos de ilustración e deseño: programas de deseño vectorial e programas de maqueta.	▪ B4.5. Iniciarse na utilización de programas informáticos de ilustración e deseño aplicándoos a diferentes propostas de deseño.	▪ DEB4.5.1. Utiliza con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplicaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico.	▪ CD
	Bloque 5. Deseño de produto e do espazo			
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ n	▪ B5.1. Nocións básicas de deseño de obxectos.	▪ B5.1. Analizar os aspectos formais, estruturais, semánticos e funcionais de obxectos de deseño, que poden ser naturais, artificiais, de uso cotián ou propios do deseño.	▪ DEB5.1.1. Analiza obxectos de deseño e determina a súa idoneidade, realizando en cada caso un estudo da súa dimensión pragmática, simbólica e estética.	▪ CAA
			▪ DEB5.1.2. Determina as características formais e técnicas de obxectos de deseño atendendo ao tipo de produto e ás súas intencións funcionais e comunicativas.	▪ CCEC
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B5.2. Proceso creativo no deseño de obxectos e espazos: estudo previo, planificación, bosquejos, representación gráfica, modelo ou maqueta. ▪ B5.3. Técnicas e materiais de representación gráfica.	▪ B5.2. Desenvolver un proxecto sinxelo de deseño industrial, seguindo unha metodoloxía idónea e seleccionando as técnicas de realización apropiadas.	▪ DEB5.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos de deseño de produtos en función de condicionantes e requisitos específicos previamente determinados.	▪ CSIEE
			▪ DEB5.2.2. Interpreta a información gráfica achegada en supostos prácticos de deseño de obxectos e do espazo.	▪ CCEC
			▪ DEB5.2.3. Utiliza adecuadamente os materiais e as técnicas de representación gráfica.	▪ CD
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ m ▪ n	▪ B5.4. Deseño do espazo habitable. Organización do espazo: condicionantes físicos, técnicos, funcionais e psicosociais. ▪ B5.5. Distribución e circulación. ▪ B5.6. Principais materiais, instalacións e elementos construtivos empregados no deseño de interiores: características técnicas, estéticas e construtivas.	▪ B5.3. Realizar un proxecto elemental de espazo habitable, seguindo unha metodoloxía idónea e seleccionando as técnicas de realización apropiadas.	▪ DEB5.3.1. Realiza esquemas e esbozos para visualizar e valorar a adecuación do traballo aos obxectivos propostos.	▪ CCEC
			▪ DEB5.3.2. En propostas de traballo en equipo, participa activamente na planificación e na coordinación do traballo e respecta e valora as realizacións e as achegas do resto de integrantes do grupo.	▪ CSC

Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	▪ B5.7. Iluminación.		▪ DEB5.3.3. Propón solucións viables de habitabilidade, distribución e circulación no espazo en supostos sinxelos de deseño de interiores.	▪ CSC
			▪ DEB5.3.4. Valora a metodoloxía proxectual, recoñece os factores que interveñen nela e aplícaa á resolución de supostos prácticos.	▪ CSIEE
▪ b ▪ d ▪ g ▪ h ▪ n	▪ B5.8. Funcións, morfoloxía, e tipoloxía dos obxectos. Relación entre obxecto e usuario/a. ▪ B5.9. Conceptos básicos de ergonómia, antropometría e biónica e a súa aplicación ao deseño de produtos e interiores.	▪ B5.4. Valorar a importancia do coñecemento e da aplicación dos fundamentos ergonómicos e antropométricos, nos procesos de deseño, entendendo que son ferramentas imprescindibles para mellorar o uso dun obxecto ou dun espazo e adecualos ás medidas, á morfoloxía e ao benestar humanos.	▪ DEB5.4.1. Coñece as nocións básicas de ergonómia e antropometría, e aplícaa en supostos prácticos sinxelos de deseño de obxectos e do espazo.	▪ CMCCT

4.9.2. ESTANDARES DE APRENDIZAXE. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN

	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN
B1	▪ DEB1.1.1. Coñece e describe as características fundamentais das principais correntes e escolas da historia do deseño.	Describir as características fundamentais das principais correntes e escolas da historia do deseño.
	▪ DEB1.1.2. Analiza imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaaas coa súa corrente, a súa escola ou o seu período.	Analizar imaxes relacionadas co deseño, identifica o ámbito ao que pertencen e relaciónaaas coa súa corrente, a súa escola ou o seu período.
B2	▪ DEB2.1.1. Identifica os principais elementos da linguaxe visual presentes en obxectos de deseño ou do contexto cotián.	Identificar os principais elementos da linguaxe visual.
	▪ DEB2.2.1. Realiza composicións gráficas, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe visual.	Realizar composicións gráficas, seleccionando e utilizando equilibradamente os principais elementos da linguaxe visual.
	▪ DEB2.2.2. Analiza imaxes ou produtos de deseño, recoñecendo e diferenciando os seus aspectos funcionais estéticos e simbólicos.	Analizar os seus aspectos funcionais estéticos e simbólicos en produtos de deseño.
	▪ DEB2.3.2. Utiliza a cor atendendo ás súas calidades funcionais, estéticas e simbólicas, e á súa adecuación a propostas específicas de deseño.	Utilizar a cor atendendo ás súas calidades funcionais, estéticas e simbólicas.
	▪ DEB2.4.1. Modifica os aspectos comunicativos dunha peza de deseño, ideando alternativas compositivas e reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos.	Modificar os aspectos comunicativos dunha peza de deseño, ideando alternativas compositivas e reelaborándoa con diferentes técnicas, materiais, formatos e acabamentos.
	▪ DEB2.4.2. Descompón en unidades elementais unha obra de deseño gráfico complexa e reorganízaaas elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais.	Descompñer en unidades elementais unha obra de deseño gráfico complexa e reorganízaaas elaborando novas composicións plasticamente expresivas, equilibradas e orixinais.
B3	▪ DEB3.1.1. Coñece e aplica a metodoloxía proxectual básica.	Coñecer e aplicar a metodoloxía proxectual básica.
	▪ DEB3.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas.	Desenvolver proxectos sinxelos que dean resposta a propostas específicas de deseño previamente establecidas.
	▪ DEB3.3.1. Determina as características técnicas e as intencións expresivas e comunicativas de diferentes obxectos de deseño.	Determinar as características técnicas e as intencións expresivas e comunicativas de diferentes obxectos de deseño.
	▪ DEB3.4.1. Planifica o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra.	Planificar o proceso de realización desde a fase de ideación ata a elaboración final da obra.
	▪ DEB3.5.1. Realiza esquemas e bosquejos para visualizar a peza e valorar a súa adecuación aos obxectivos propostos.	Realizar esquemas e bosquejos para visualizar a peza e valorar a súa adecuación aos obxectivos propostos.
	▪ DEB3.5.2. Materializa a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica.	Materializar a proposta de deseño e presenta e defende o proxecto realizado, desenvolvendo a capacidade de argumentación e a autocrítica.
B4	▪ DEB4.1.1. Realiza proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade.	Realizar proxectos sinxelos nalgún dos campos propios do deseño gráfico como a sinalización, a edición, a identidade, a embalaxe ou a publicidade.

	▪ DEB4.1.2. Examina obxectos de deseño e determina a súa idoneidade en función das súas características técnicas, comunicativas e estéticas.	Examinar obxectos de deseño en función das súas características técnicas, comunicativas e estéticas.
	▪ DEB4.2.1. Identifica as principais familias tipográficas e reconece as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición	Identificar as principais familias tipográficas e reconece as nocións elementais de lexibilidade, estrutura, espaciado e composición
	▪ DEB4.2.2. Utiliza de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e na súa composición.	Utilizar de xeito adecuado a tipografía seguindo criterios acertados na súa elección e na súa composición.
	▪ DEB4.3.1. Resolve problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas.	Resolver problemas sinxelos de deseño gráfico utilizando os métodos, as ferramentas e as técnicas de representación adecuadas.
	▪ DEB4.4.1. Relaciona o grao de iconicidade de imaxes gráficas coas súas funcións comunicativas.	Relacionar o grao de iconicidade de imaxes gráficas coas súas funcións comunicativas.
	▪ DEB4.4.2. Emite xuízos de valor argumentados respecto á produción gráfica propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade.	Emitir xuízos de valor argumentados respecto á produción gráfica propia e allea con base nos seus coñecementos sobre a materia, o seu gusto persoal e a súa sensibilidade.
	▪ DEB4.5.1. Utiliza con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplícaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico.	Utilizar con solvencia os recursos informáticos idóneos e aplícaos á resolución de propostas específicas de deseño gráfico.
B5	▪ DEB5.1.1. Analiza obxectos de deseño e determina a súa idoneidade, realizando en cada caso un estudo da súa dimensión pragmática, simbólica e estética.	Analizar obxectos de deseño, realizando en cada caso un estudo da súa dimensión pragmática, simbólica e estética.
	▪ DEB5.1.2. Determina as características formais e técnicas de obxectos de deseño atendendo ao tipo de produto e ás súas intencións funcionais e comunicativas.	Determinar as características formais e técnicas de obxectos de deseño atendendo ao tipo de produto e ás súas intencións funcionais e comunicativas.
	▪ DEB5.2.1. Desenvolve proxectos sinxelos de deseño de produtos en función de condicionantes e requisitos específicos previamente determinados.	Desenvolver proxectos sinxelos de deseño de produtos en función de condicionantes e requisitos específicos previamente determinados.
	▪ DEB5.2.2. Interpreta a información gráfica achegada en supostos prácticos de deseño de obxectos e do espazo.	Interpretar a información gráfica achegada en supostos prácticos de deseño de obxectos e do espazo.
	▪ DEB5.2.3. Utiliza adecuadamente os materiais e as técnicas de representación gráfica.	Utilizar adecuadamente os materiais e as técnicas de representación gráfica.
	▪ DEB5.3.1. Realiza esquemas e esbozos para visualizar e valorar a adecuación do traballo aos obxectivos propostos.	Realizar esquemas e esbozos para visualizar e valorar a adecuación do traballo aos obxectivos propostos.
	▪ DEB5.3.3. Propón solucións viables de habitabilidade, distribución e circulación no espazo en supostos sinxelos de deseño de interiores.	Propoñer solucións viables de habitabilidade, distribución e circulación no espazo en supostos sinxelos de deseño de interiores.
	▪ DEB5.4.1. Coñece as nocións básicas de ergonómia e antropometría, e aplícaas en supostos prácticos sinxelos de deseño de obxectos e do espazo.	Coñecer as nocións básicas de ergonómia e antropometría, e aplícaas en supostos prácticos sinxelos de deseño de obxectos e do espazo.

5. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E PRÁCTICA DOCENTE

Mediante continuas reunións do profesorado da materia a través das reunións de coordinación do Departamento de Artes Plásticas, efectuáse unha revisión crítica de carácter continuo sobre papel do profesor e o desenvolvemento da presente programación, de maneira que se poidan ir introducindo nesta os cambios aconsellables e pertinentes, dado o carácter flexible de calquera programación de aula de Bacharelato, e da presente en particular.

A reflexión sobre o proceso de ensino e práctica docente ha de xirar entorno a catro aspectos fundamentais:

1. Planificación.
2. Motivación do alumnado.
3. Desenvolvemento da ensinanza.
4. Seguimento e avaliación do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Co fin de facilitar dita reflexión, este Departamento establece a seguinte táboa:

1. PLANIFICACIÓN				
INDICADORES	1	2	3	4
Programa a materia tendo en conta os estándares de aprendizaxe previstos nas leis educativas.				
Programa a materia tendo en conta o tempo dispoñible para o desenvolvemento desta.				
Selecciona e secuencia de forma progresiva os contidos da programación da aula.				
Programa actividades e estratexias en función dos estándares de aprendizaxe.				
Planifica as clases de modo flexible, prepara actividades e recursos axustados á programación da aula e ás necesidades e aos intereses do alumnado.				
Establece os criterios, procedementos e os instrumentos de avaliación e autoavaliación que permiten facer o seguimento do progreso de aprendizaxe do alumnado.				
2. MOTIVACIÓN DO ALUMNADO				
INDICADORES	1	2	3	4
Proporciona un plan de traballo ao principio de cada unidade.				
Considera situacións que introduzan a unidade (lecturas, debates, diálogos...).				
Relaciona as aprendizaxes con aplicacións reais ou coa súa funcionalidade.				

Informa sobre os progresos conseguidos e as dificultades encontradas.				
Relaciona os contidos e as actividades cos intereses do alumnado.				
Estimula a participación activa dos estudantes na clase no Aula Virtual				
3. DESENVOLVEMENTO DA ENSINANZA				
INDICADORES	1	2	3	4
Cando introduce conceptos novos, relaciónaos, se é posible, cos xa coñecidos; intercala preguntas aclaratorias; pon exemplos...				
Ten predisposición para aclarar dúbidas e ofrecer asesorías dentro e fóra das clases.				
Optimiza o tempo dispoñible para o desenvolvemento de cada unidade didáctica.				
Utiliza axuda audiovisual ou doutro tipo para apoiar os contidos na aula.				
Mantén unha comunicación fluída cos estudantes.				
Desenvolve os contidos dunha forma ordenada e comprensible para o alumnado.				
Presenta actividades que permitan a adquisición dos estándares de aprendizaxe e as destrezas propias da etapa educativa.				
Presenta actividades de grupo e individuais.				
4. SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINANZA-APRENDIZAXE				
INDICADORES	1	2	3	4
Realiza a avaliación inicial ao principio do curso para axustar a programación ao nivel dos estudantes.				
Detecta os coñecementos previos de cada unidade didáctica.				
Revisa, con frecuencia, os traballos propostos na aula e fóra dela.				
Proporciona a información necesaria sobre a resolución das tarefas e como pode melloralas.				
Corrixe e explica de forma habitual os traballos e as actividades dos alumnos e das alumnas, e dá pautas				

para a mellora das súas aprendizaxes.				
Utiliza suficientes criterios de avaliación que atendan de xeito equilibrado a avaliación dos diferentes contidos.				
Favorece os procesos de autoavaliación e coavaliación.				
Propón novas actividades que faciliten a adquisición de obxectivos cando estes non foron alcanzados suficientemente.				
Propón novas actividades de maior nivel cando os obxectivos foron alcanzados con suficiencia.				
Utiliza diferentes técnicas de avaliación en función dos contidos, do nivel dos estudantes, etc.				
Emprega diferentes medios para informar dos resultados aos estudantes e aos pais.				

Santiago, a 18 de outubro do 2020

Fdo: María de los Ángeles rivera Muñoz (Xefa do departamento)

